

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 31 de maio de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e vintecinco minutos do día trinta e un de maio de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes por invitación o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(658).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións do 10 e 18 de maio de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(659).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 84/2003 INTERPOSTO POR REAL CLUB NAUTICO DE VIGO EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓN DO IBI DO 2002. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 14.05.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto polo Real Club Náutico de Vigo contra liquidación do imposto sobre bens inmobles do exercicio 2002 (padrón publicado no BOP do 28.08.2002) correspondente ó inmovible con referencia catastral 2867201 NG 2726 N 0001 KI, acto que anulo, por non ser axustado a dereito, condenando á Administración demandada á devolución da cantidade ingresada por dito concepto. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

3(660).- SENTENZA DO TSXG NO REC. DE APELACIÓN Nº 8695/2002 INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 SOBRE LIQUIDACIÓNS IBI 1999. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 31 de marzo de 2004, dictada pola Sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que desestimamos o recurso de apelación interposto por Autoridad Portuaria de Vigo contra sentenza do 21.06.02 que desestima o recurso interposto contra silencio administrativo do Concello de Vigo sobre liquidacións do Imposto sobre bens inmobles, ano 1999- BOP 16.08.99. Procedemento ordinario 366/01 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Con imposición de custas ó recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

4(661).- SENTENZA DO TSXG NO REC. DE APELACIÓN Nº 8890/2002 INTERPOSTO POR TABUBESA S.L. CONTRA SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SOBRE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS POR AUTOLIQUIDACIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 31.03.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que desestimamos o recurso de apelación interposto por TABUBESA S.L. contra sentencia de 4.09.02 declarando inadmisibilidade do recurso contra resolución do Concello de vigo sobre denegación de devolución de ingresos indebidos por autoliquidación do Imposto de construcións, instalacións e obras; procedemento ordinario 498/01 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo. Con imposición de custas ó recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta ós departamentos de Administración de Tributos e Recursos e Asesoramento.

5(662).- SENTENZA DO TSXG NO REC. DE APELACIÓN Nº 03/8166/2002 INTERPOSTO POR AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO CONTRA SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO SOBRE NOTIFICACIÓNS RELATIVAS A INMOBLES EN CONCEPTO DE IBI. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 31.03.04, dictada pola Sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que desestimamos o recurso de apelación interposto por Autoridad Portuaria de Vigo contra sentenza de 30.03.02 que desestima o recurso interposto contra silencio administrativo a recurso de reposición sobre notificacións relativas a inmobles, concepto Imposto bens inmobles de natureza urbana; procedemento ordinario 364/01 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Con imposición de custas ó recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta á Administración de Tributos e ó Servizo de Recursos e Asesoramento.

6(663).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 261/2002 INTERPOSTO POR EXTRACO, CONSTRUCCIONES E PROXECTOS S.A. SOBRE LIQUIDACIÓNS DO ICIO E TAXA DE LICENZA DE OBRAS POR REFORMA DA RESIDENCIA TERCEIRA IDADE DO MEIXOEIRO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 6.05.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Extraco, Construccións e Proxectos S.A. contra desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición interposto contra resolución do Concello de Vigo de 5.03.02, que aproba as liquidacións do ICIO e taxa municipal devengadas polas obras de reforme da Residencia da Terceira Idade sita no Meixoeiro (expte. Licenza núm. 30915/421). Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta os servizos de Inspección de Tributos, Recursos e Asesoramento e os servizos económicos da Xerencia municipal de Urbanismo.

7(664).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 189/2002 (220/02 E 160/03 ACUMULADOS) INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO SOBRE LIQUIDACIÓNS DO IBI DOS ANOS 2000, 2001 E 2002. DESESTIMADOS.

Dáse conta da sentenza de data 6.05.04, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

1º.- Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola Autoridad Portuaria de Vigo contra resolucións do Concello de Vigo de 28.05.02, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra liquidación de 10.12.01 do Imposto sobre bens inmobles do ano 2000 correspondente ó inmovible con referencia catastral 0650910 NG 2705 S sito en Eduardo Cabello, 4 B; de 8.07.02 desestimatoria de recurso de reposición formulado contra liquidación de 18.03.02 do Imposto sobre bens inmobles do ano 2001 correspondente ó mesmo inmovible; e de 28.02.03, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra liquidación do Imposto sobre bens inmobles do ano 2002 correspondente ó mesmo inmovible.

2º.- Impongo á actora o pagamento de todas as custas deste proceso, por temeridade.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta á Administración de Tributos (IBI) e ó Servizo de Recursos e Asesoramento.

8(665).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 2/5059/00 INTERPOSTO POR D. MANUEL BOTANA CASTRO E OUTRO, SOBRE INADMISIBILIDADE DE RECLAMACIÓN INDEMNIZATORIA EN CONCEPTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 22.04.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Manuel Botana Castro e D. Francisco Manuel Botana Casal contra desestimación presunta do Concello de Vigo do recurso de reposición interposto contra resolución de 1.03.00 sobre responsabilidade patrimonial, referencia 12873/240- Patrimonio e Contratación. Non se fai imposición das custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

9(666).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 28/2004 INTERPOSTO POR D. MANUEL BRANTUAS GRILLE EN RELACIÓN CON PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO SOBRE RECIBO DE EXACCIÓN UNIFICADAS INDUSTRIAIS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.04.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Manuel Brantuas Grille contra resolución de 6.11.03 do ttesoureiro do Concello de Vigo, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra providencia de constrinximento dictada en relación con recibo de Exaccións Unificadas Industriais nº 8471. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta á Tesourería municipal-Recadación executiva.

10(667).- AUTO DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4714/02 INTERPOSTO POR UTE ELOYMAR-TRANVIAS CONTRA ACORDO PLENARIO DE 25.03.02 QUE APROBA O ORZAMENTO DO ANO 2002. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 5.05.04, dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia interposto contra acodo plenario de 25.03.02 polo que se aproba definitivamente o presuposto xeral do Concello e os seus organismos autónomos para o exercicio 2002 (BOP 8.04.02) , que falla o seguinte:

Acéptase o desestimento do presente recurso realizado pola recorrente Eloymar y Tranvías Eléctricos de Vigo S.A., UTE 18/1982 e se declara rematado o procedemento. Procédase ó arquivo dos autos e á devolución do expediente administrativo ó órgano de procedencia. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ós servizos de Intervención Municipal, Patrimonio e Contratación e ós Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

11(668).- AUTO DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4252/03 INTERPOSTO POR D^a MARINA ESTÉVEZ VÁZQUEZ EN RELACIÓN COA RECUPERACIÓN DO LOCAL MUNICIPAL NO MERCADO DO PROGRESO. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 3.05.04, dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia interposto contra resolución de 20.01.03 que desestima un recurso de reposición interposto contra un decreto de 5.06.02, que acordou requirir, entre outros, a D. Manuel Estévez Montero para que puxese a disposición do Concello un determinado local de titularidade municipal que ocupaba en virtude de concesión. A Sala falla o seguinte:

Estimar as alegacións previas formuladas pola Administración demandada e declarar inadmisibile o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a Marina Estévez Vázquez contra a resolución de 20.01.03 do Concello de Vigo, dictada no expediente 15107/240 de 2002. Non se fai imposición das custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

12(669).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 56/04 INTERPOSTO POR D. CARLOS PIÑEIRO LORENZO EN RELACIÓN A LIQUIDACIÓN DO ICIO CORRESPONDENTE Á LICENZA DE OBRAS DO EXPTE. 21982/421. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 29.04.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Tense por desistido do seu recurso contencioso-administrativo ó letrado Alejandro de la Puente Crespo en nome e representación de Carlos Piñeiro Lorenzo.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto.

13(670).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 314/03 INTERPOSTO POR D^a ESTRELLA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ EN RELACIÓN CON SANCIÓN DE TRÁFICO, EXPTE. 1030762963. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 29.04.04, dictado polo xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que acorda o seguinte:

Tense por desistido do presente recurso contencioso-administrativo á recorrente D^a Estrela Fernández Fernández.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto.

14(671).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2004.

Mediante escrito de data 25.05.04 o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais dá conta á Xunta de Goberno da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Benestar Social durante os meses de marzo e abril de 2004, que son os seguintes:

CONCEPTO	PARTIDA	NºOPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
PUBLICIDADE	2260200	200400015104	8.091,71	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.
ASISTENCIA TÉCNICA PLAN LOCAL DE DROGAS	2270608	200400011088	11.975,00	M ^a JOSE FONTAN PEREZ RIAL
PROGRAMA PREVENCIÓN CONSUMO DROGAS NA ESCOLA	2270608	200400018171	11.900,00	KARMA GABINETE DE PSICOLOGIA
FORMACIONMEDIADORES XUVENIS HABITOS SAUDABLES	2270608	200400018484	11.950,00	ALGALIA SOC. COOP. GALEGA

A Xunta de Goberno queda enterada.

15(672).- SOLICITUDE DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DA FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL PARA REALIZAR UNHA DAS PROBAS DO CAMPIONATO GALEGO DE VOLEI PRAIA NO VAO OS DÍAS 12 E 13 DE XUÑO. EXPTE. 4493/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Delegación Provincial de Pontevedra da federación Galega de Voleibol a celebrar os vindeiros días 12 e 13 de xuño de 2004 unha das probas do Campionato Galego de

Volei Praia que se desenvolvería na praia do Vao na zona onde está instalado o campo de volei praia, entre ás 8:00 h. e ás 20:00 h.

16(673).- SOLICITUDE DO COLEXIO DIVINO SALVADOR PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR DIVINO SALVADOR 2004 O DÍA 13 DE XUÑO. EXPTE. 4494/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o colexio Divino Salvador, con enderezo na rúa Baixada o Vao número 49, a celebrar o vindeiro día 13 de xuño de 2004, o cross escolar Divino Salvador 2004 que se desenvolvera no recinto do colexio e polas rúas Baixada o Vao e José Rivas, entre ás 10:00 h. e ás 13:30 h.

17(674).- CESIÓN DO USO DA VIVENDA Ó PORTEIRO-VIXIANTE DO CEIP FRIÁN-TEIS. EXPTE. 5966/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 26.05.04, conformado polo xefe de Sector de Réxime Interior e o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

O Director do CEIP TEIS-FRIAN presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do día 05.05.2004 e número de doc.40045682 , de solicitude de adxudicación do uso da vivenda do devandito colexio a D.MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, con DNI 35763481-P, destinado nese centro para exercer os labores propios do posto de vixiante das instalacións municipais do CEIP Frián Teis, por decreto do Concelleiro Delegado da Área de Asuntos Sociais, de data 19.02.2004.

En atención a esta petición de uso e toda vez que:

- 1º.- O espazo de vivenda non é necesario para uso docente.-*
- 2º.- O uso da vivenda do centro polo porteiro-vixilante incrementa a seguridade do Colexio.-*
- 3º.- A proposta de cesión do uso da vivenda conta coa anuencia dos membros do Consello Escolar de Centro.-*
- 4º.- Prestado trámite de audiencia ó interesado manifesta a súa conformidade coa petición presentada polo director do Colexio.*
- 5º.- A devandita solicitude da resposta a todos os extremos a ter en conta para proceder a concesión da vivenda.*
- 6º.- O Art. 93 do RBEL (RD 1372/1986) prevé a cesión de uso de vivendas de pertenza das corporacións locais ó seu persoal, por razón dos servizos que preste. O funcionario municipal D. Manuel Rodríguez Fernández presta servizo de porteiro – vixilante nas instalacións municipais do CEIP Frián Teis, realizando*

as funcións estipuladas pola Comisión de Goberno na súa sesión do 14 de maio de 1999, polo que pode cederse o uso en precario da vivenda.

7º.- Esta cesión do uso poderá deixarse sen efecto, conforme co disposto no Art. 134 RBEL, polas causas normativamente establecidas, por deficiente prestación dos servizos de porteiro – vixilante, por desatención das ordes e instrucións que en relación con estas funcións reciba, por reorganización do servizo ou cambio do uso da vivenda que, en caso ningún, poderá ser cedida a terceiros nin destinada a outro uso que aquel para o que se cede.

Parece oportuno e favorable para os intereses municipais que a Xunta de Goberno Local considere a seguinte:

PROPOSTA

“Aprobar a concesión do uso en precario da vivenda de porteiro-vixilante sita no recinto escolar do CEIP TEIS-FRIAN a D.Manuel Rodríguez Fernández, DNI 35763481-P, mentres desempeñe o posto de vixilante de instalacións municipais no devandito colexio, coas condicións, entre outras fixadas pola Comisión de Goberno na súa sesión do 14 de maio de 1999, de que se comprometa a:

Primeiro: deixar baleira a vivenda no prazo máximo de un mes a contar desde a notificación do requerimento que ó efecto se lle realice polo Concello de Vigo.

Segundo: facerse cargo do mantemento da mesma e do seu contorno durante todo o tempo da súa ocupación.-

Terceiro: realizar a vixilancia do colexio e vivenda durante o tempo que a ocupe.

Cuarto: renunciar expresamente á indemnización ou pago compensatorio de calquera tipo por deixar a vivenda no seu día.

Pásese instrución á tesourería municipal para que, pola percepción deste pago en especie, se lle aplique o preceptivo desconto en nómina, con efectos desde o día primeiro do mes seguinte a aquel no que sexa efectivo o uso da devandita vivenda.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(675).- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE
NECESARIO PARA ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROXECTO ALICERCE. EXPTE.
2337/077.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora do Proxecto Alicerce, do 24.05.04, conformado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego e a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O proxecto ALICERCE (expte. 2004/077), aprobado pola Comisión de Goberno na súa sesión do 29 de setembro de 2003 e presentado á Dirección Xeral para a Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas, foi aceptado para ser subvencionado con fondos da Subvención Global do Fondo Social Europeo, mediante Resolución aprobatoria de data 29 de xaneiro de 2004.

Os obxectivos principais de proxecto ALICERCE son:

- *Elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas (en número aproximado de 70) no sector de atención a persoas así como formar e acompañar no deseño e posta en marcha de proxectos empresariais.*
- *Dinamizar e reforzar os servizos, que actualmente se prestan a estes colectivos con especiais necesidades no Concello de Vigo.*

Estes obxectivos materialízanse en catro posibles itinerarios aos que os/as beneficiarios/as poden acceder:

ITINERARIO MEDIACIÓN INTERCULTURAL (15 persoas) *dirixido a persoas que amosen motivación e un claro interese por este área, cunha formación inicial preferentemente no eido das ciencias sociais.*

O obxectivo que se persegue neste itinerario é capacitar e especializar aos/ás participantes para unha intervención eficaz con inmigrantes, emigrantes retornados e minorías étnicas, así como para fomentar a convivencia e educación intercultural coa poboación en xeral.

ITINERARIO ADICIÓN E CONDUCTAS DE RISCO (15 persoas) *dirixido a persoas que amosen motivación e un claro interese por este área, cunha formación inicial preferentemente no eido das ciencias sociais.*

O obxectivo que se persegue neste itinerario é capacitar aos/ás participantes para a adquisición das habilidades, actitudes e técnicas necesarias para traballar con persoas con adicións e condutas de risco así como para actuar como promotores de saúde.

ITINERARIO LECER E TEMPO LIBRE: OBRADOIROS PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL (30 persoas) *dirixido a persoas con inquietudes sociais e que amosen interese e capacidades para a realización de actividades de lecer e tempo libre con diversos colectivos especialmente terceira idade e discapacitados.*

ITINERARIO CREACIÓN DE EMPRESAS (10 persoas). *Itinerario dirixido ao apoio na posta en marcha de proxectos empresariais relacionados coa atención a persoas*

Para o desenvolvemento das accións formativas destes itinerarios, faise necesario a contratación de expertos docentes que realizarán, ademais, funcións de titorización de prácticas. Neste senso, na Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego existe unha base de expertos docentes para as accións de formación ocupacional que desenvolve o Concello de Vigo (acordo adoptado pola Comisión de Goberno municipal na súa sesión do 23 de maio de 1997, modificado polo acordo de Comisión de Goberno municipal de 13 de maio de 2002, que se achegan).

En concreto, para o desenvolvemento do proxecto ALICERCE necesitaríanse docentes para as seguintes accións formativas:

MEDIACIÓN INTERCULTURAL.

Módulos teórico-prácticos:

- *Marco xeral do feito migratorio (40 horas)*
- *Marco legal (80 horas)*
- *Mediación e interculturalidad (135 horas)*
- *Ámbitos de intervención (80 horas)*
- *Proxectos de intervención (40 horas)*
- *Tutorización de prácticas (200 horas)*

Número de edicións do curso: 1

Tempo máximo de contrato: 8 meses

Imprescindible: Experiencia e/ou coñecementos en áreas de mediación, atención e asesoramento a migrantes e/ou minorías étnicas, políticas migratorias e lexislación

ADICIÓN E CONDUTAS DE RISCO

Módulos teórico-prácticos:

- *Evolución histórica das drogodependencias e condutas aditivas (30 horas)*
- *Termos e conceptos sobre drogodependencias (35 horas)*
- *Prevenção (60 horas)*
- *Asistencia (80 horas)*
- *Incorporación social (35 horas)*
- *Habilidades sociais (30 horas)*
- *Tutorización de prácticas (200 horas)*

Número de edicións do curso: 1

Tempo máximo de contrato: 7 meses

Imprescindible: Experiencia en intervención directa con drogodependientes

ANIMACIÓN 3ª IDADE E DISCAPACIDADE (edición 1)

Módulos teórico-prácticos:

- *Lecer, tempo libre e animación sociocultural (40 h)*
- *Lecer e tempo libre nas persoas con discapacidade (60 h)*
- *Lecer e tempo libre na terceira idade (60 h)*
- *Programación e deseño de actividades de tempo libre (60 h)*
- *Prácticas formativas (120 h)*

ANIMACIÓN 3ª IDADE E DISCAPACIDADE (edición 2)

Módulos teórico-prácticos:

- *Lecer e tempo libre nas persoas con discapacidade (40 h)*

- *Lecer e tempo libre na terceira idade (40 h)*
- *Prácticas formativas (40 h)*

Número de edicións do curso: 2

Tempo máximo de contrato: 8 meses (edición 1)/ 2 meses (edición 2)

En todos os cursos caberá a posibilidade de contratar a un ou varios docentes-titores, a xornada completa ou parcial, atendendo as candidaturas presentadas e os diferentes módulos formativos.

Para impartir estes cursos é necesario:

- *Formación universitaria relacionada co contido do curso (ámbito das ciencias sociais)*
- *Experiencia profesional e/ou docente relacionada co contido do curso.*
- *Valorarase experiencia en titorización de prácticas relacionadas co contido do curso.*

Unha vez consultada a base de datos de expertos docentes observouse que non se conta con persoal suficiente e capacitado que permita un procedemento de selección con garantías. Polo que entendendo que a calidade do programa e os resultados das actividades de formación van estreitamente ligados á calidade e experiencia dos/as profesionais que impartan estas accións formativas e que titoricen a fase de prácticas, faise necesario elaborar un procedemento polo que os/as profesionais interesados/as poidan presentar o seu currículo para incluír na base de datos de expertos docentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

En base ó anterior proponse o seguinte procedemento:

1.- Anuncios en prensa (Anexo 1):

Publicarase un anuncio nas páxinas de información municipal da prensa local e outro nas páxinas de emprego e formación do Faro de Vigo (o domingo) solicitando que aquelas persoas interesadas na impartición dos programas formativos do proxecto Alicerce presenten a súa solicitude para ser incluída posteriormente na Base de datos de expertos docentes en formación ocupacional da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

Datas previstas: 4 e 6 de xuño de 2004.

2.- Presentación de solicitudes:

Os/as candidatos/as deberán presentar o seu currículo vitae con todos os méritos debidamente acreditados para a súa valoración nas instalacións do Proxecto Alicerce na rúa Martínez Garrido, 21 int. Baixo, ata o 18 de xuño de 2004.

3.- Baremación de candidatos/as:

Unha vez presentados os currículos, a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego realizará a valoración dos méritos que, debidamente acreditados, presenten os/as candidatos/as segundo o establecido no procedemento e uso da base de expertos docentes do Concello de Vigo.

4.- Selección:

Seguindo co establecido no citado procedemento, unha vez puntuados os currículos, os/as aspirantes con maior puntuación pasarán por unha entrevista persoal ou proba específica.

Por todo o exposto, este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Aprobar o procedemento de selección de expertos docentes necesarios para as accións formativas do proxecto Alicerce.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba o procedemento de selección de expertos docentes necesarios para as accións formativas do proxecto Alicerce contido no precedente informe.

19(676).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2004 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 2292/077.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.05.04, o informe de Intervención Xeral do 21.05.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 22.04.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2004 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS e os seus anexos, no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, que se achegan no expediente.

2º.- Aprobar a disposición total de 120.000 € (CENTO VINTE MIL EUROS), para a concesión das devanditas axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida presupuestaria 3220 470 00 00 "Programas de axudas á inserción laboral".

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2004 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS

Base 1ª - OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1- *Finalidade*

2- *Beneficiarios/as*

3- *Requisitos xerais*

4- *Tipos e contías das axudas*

5- *Criterios de avaliación*

6- *Alteración das condicións de concesión das axudas*

Base 2ª - EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª - COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 1- Instrucción e tramitación das axudas*
- 2- Comisión de Valoración e Seguimento*

Base 4ª - SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Base 5ª - CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª - PUBLICIDADE

Base 7ª - REVOGACIÓN

Base 8ª - DISPOSICIÓN ADICIONAL

Base 9ª - DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I – Impreso solicitude axudas

ANEXO I bis – Documentación a presentar

ANEXO II – Ficha de solicitude de transferencia bancaria

ANEXO III – Declaración xurada doutras axudas

ANEXO IV – Declaración de actuación de comprobación e seguimento

ANEXO V – Memoria xustificativa do proxecto empresarial

ANEXO VI – Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases que regulan, para o ano 2004, a concesión de axudas municipais para o fomento da creación de empresas no ámbito do Concello de Vigo. Este programa de axudas enmárcase no Plan Municipal de Emprego 2004–2007 que o Concello de Vigo pon en marcha, dende a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na loita contra o desemprego e deste xeito apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais, xeradores de emprego.

2. Beneficiarios/as

Poderán acollerse a estas axudas os empresarios individuais e as pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, constituídos no período comprendido entre o 1 de xuño de 2003 e o 31 de maio de 2004. Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 70/2011, de 12 de xaneiro.

3. Requisitos xerais

- Desenvolver a actividade e ter o seu enderezo fiscal e social en Vigo.*
- Estar desempleado/a e crear o seu propio posto de traballo, por conta propia, en calquera das formas xurídicas existentes.*
- Ser viable técnica, económica e financeiramente.*
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin co Concello de Vigo.*
- Que non desenvolveran a mesma ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos doce meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.*

4. Tipo e contías das axudas

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 2.400 € e non poderá superar os límites que estas bases establecen para cada un dos conceptos considerados obxecto de subvención, nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores.

Cando a empresa beneficiaria estea constituída por mulleres ou discapacitados/as maioritariamente (como mínimo as dúas terceiras partes do capital deberá estar en mans de socias traballadoras ou traballadores/as con discapacidade), o importe de subvención terá un incremento de 300 €. Deste xeito preténdese dar un apoio a estes colectivos, que teñen maiores dificultades na súa incorporación ó mundo laboral. Igualmente, no caso de que o promotor/a da iniciativa empresarial (ou da metade como mínimo dos promotores/as, no caso de seren varios) sexa titulado/a universitario sen emprego anterior como tal titulado/a universitario, a axuda terá un incremento de 300 €, sempre que a iniciativa empresarial estea relacionada coa súa titulación.

Os gastos que poderán ser subvencionables, correspondentes ós tres primeiros meses de inicio da actividade, son, esencialmente, os seguintes:

a) Existencias iniciais de mercadorías

Inclúe a adquisición de primeiras compras de mercadorías, ademais das compras de materias primas e outros consumibles utilizados no proceso de produción durante os primeiros tres meses de actividade.

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante os primeiros tres meses de actividade, cun tope de 1.500 €.

b) Gastos de arrendamento de locais

A subvención máxima por este concepto será do 70% dos gastos efectuados durante os primeiros tres meses de actividade, cun tope de 1.700 €.

c) Primas de seguros

Serán subvencionables os gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. A subvención máxima neste apartado será do 50% da contía total no conxunto de primas, cun tope de 600 €.

d) Subministrados e gastos correntes

Son subvencionables os seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- d1- auga*
- d2- teléfono*
- d3- luz*
- d4- gasóleo*
- d5- material de oficina*

A subvención máxima por este concepto será do 70% dos gastos efectuados durante os primeiros tres meses de actividade, cun tope de 900 €.

Quedan excluídos destas axudas os gastos derivados de taxas, autorizacións e licencias administrativas, impostos e demais obrigas tributarias, así coma os gastos de publicidade, gasto de asesoría e, en xeral, calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados.

5. Criterios de avaliación

A concesión de axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

- 1. Emprendedores/as incluídos na base de datos do Servicio de Asesoramento a Emprendedores/as (SAE) (Ata 20 puntos).*
- 2. Que o/s promotor/es ou traballador/es contratado/s participen ou tivesen participado nalguna actividade de fomento do emprego do Concello (Ata 20 puntos).*
- 3. A situación social do colectivo beneficiario (perceptores RISGA, discapacitados, mozos/as en busca do primeiro emprego, mulleres, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, ...) (Ata 10 puntos).*
- 4. Número e grao de estabilidade dos postos de traballo creados (incluíndo ó/s propio/s promotor/es) (Ata 10 puntos).*
- 5. Antigüidade no desemprego do/s promotor/es e/ou do/s contratado/s (Ata 10 puntos).*
- 6. Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego (Anexo VI) (Ata 10 puntos) .*
- 7. Non Concorrenza con outras axudas ou subvencións (Ata 10 puntos).*
- 8. Que o/s promotor/es estea/n empadroados no Concello de Vigo (Ata 10 puntos).*

Os/as solicitantes que cumpran en maior medida os requisitos esixidos en cada un dos criterios anteriores obterán a puntuación máxima e serán o referente para a valoración proporcional do resto dos candidatos/as.

6. Alteración das condicións de concesión das axudas

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de tres anos. A Comisión de Valoración e Seguimento poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicarse á Comisión de Valoración e Seguimento no prazo dun mes dende a súa modificación.

Base 2ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

2.1. Toda solicitude que non inclúa a totalidade da documentación indicada na Base 4ª será desestimada.

2.2. O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, nacionais e internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total das accións subvencionadas.*
- b) Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “mínimis”, por calquera Administración Pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 100.000 € nun período de tres anos para o mesmo beneficiario/a.*

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

1. Instrucción e tramitación das axudas

- Os expedientes remitiranse para o seu informe preceptivo á Comisión de Valoración e Seguimento que, unha vez estudiadas todas as solicitudes, propondrá a concesión das axudas á Xunta de Goberno Local.*
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.*
- A concesión das devanditas axudas serán comunicadas ós/as solicitantes.*

2. Comisión de Valoración e Seguimento

Existirá unha Comisión de Valoración e Seguimento, que estará composta por:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.*
- Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario.*
- Dous técnicos/as do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) nomeados pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.*

A Comisión de Valoración será a encargada de avaliar as solicitudes, tramitando aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases.

Base 4ª. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I e Anexo I bis), presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999.

As solicitudes dirixiranse á Comisión de Valoración e Seguimento da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, e deberán ir acompañadas, inescusablemente de toda a seguinte documentación (por duplicado exemplar, un deles orixinal ou copia compulsada):

- No caso de persoas xurídicas, DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do representante que asina a solicitude.
- DNI e acreditación do NIF, se o solicitante é empresario individual, ou CIF, cando se trate de persoas xurídicas.
- Alta no IAE da empresa ou empresario individual que solicita a axuda e, no caso de sociedade, acompañada de copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral do/s empresario/s traballador/es.
- No caso de que se xustifique contratación estable:
 - DNI e vida laboral do/s traballador/es contratado/s.
 - Contrato/s de traballo, no/s que deberá figurar que ten finalizado o período de proba fixado no contrato ou, no caso de non constar, o que regule o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, rexistrado/s na correspondente oficina do Servicio Público de Emprego.
 - Alta do/s traballador/es na Seguridade Social.
- Solicitude de licenza de apertura e a de obras, cando sexa necesario para o desenvolvemento da súa actividade.
- Copia compulsada das facturas do gasto para os que se solicitou a subvención.
- No seu caso, certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente, en grado total ou gran invalidez.
- Certificados de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, na Consellería de Facenda, na AEAT e no Concello de Vigo da sociedade e de todos os socios.
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou percibidas e das que se van solicitar para esta actividade en concreto (Anexo III).
- Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación do Concello de Vigo que acorde a Comisión de Seguimento (Anexo IV).
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial debidamente cumprimentada (Anexo V).
- No seu caso, certificado de participación en actividades de fomento do emprego do Concello, ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

Obrigas e prazo

1. O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 31 de agosto de 2004.
2. A Comisión de Valoración e Seguimento poderá esixir ós/as beneficiarios/as, previo ó pago da subvención, calquera outra documentación que considere oportuna para a xustificación do investimento ou outro punto relacionado coa actividade empresarial.

1. *A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.*
2. *O prazo para resolver será de TRES MESES dende a presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que dicten resolución expresa, entenderase que é desestimatoria da concesión da axuda ou subvención, podendo recorrer dita resolución segundo o estipulado nos artigos 116 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, ante a Xunta de Goberno Local.*
3. *Unha vez concedidas as axudas ou subvencións, faranse efectivas con pagamento único, condicionadas a que:*
 - *se aporte copia cotexada das licencias municipais esixibles.*
 - *se produza e acredite a execución da actuación, presentando copia compulsada das facturas pola totalidade dos gastos subvencionables e facturas orixinais dos gastos obxecto da subvención na contía concedida, copias cotexadas dos contratos laborais e/ou copias cotexadas das altas na Seguridade Social.**O prazo para a presentación desta documentación será de UN MES contado a partir da data na que se notifique a concesión das correspondentes axudas.*

Base 6ª. PUBLICIDADE

Esta convocatoria será publicada nos xornais de maior tirada da cidade, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Os beneficiarios/as dos proxectos subvencionados a través desta convocatoria deberán pór no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo, xunto co escudo do Concello.

Base 7ª. REVOGACIÓN

Segundo o artigo 78.9º do Decreto legislativo 1/1999, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, procederá ó reintegro das cantidades percibidas, e, no seu caso, a esixencia dos xuros de demora dende o momento do pagamento da subvención, de acordo co establecido, nos seguintes casos:

- *por incumprimento parcial ou total de calquera das condicións,*
- *por duplicación da axuda,*
- *por uso fraudulento da axuda.*

Base 8ª. NORMATIVA SUPLETORIA

No non previsto nas bases desta convocatoria estarase ó disposto nas seguintes normas supletorias e complementarias:

- *Bases de execución dos presupostos municipais.*
- *Regulamento municipal de subvencións aprobado na sesión plenaria do 30/11/1988.*
- *Lei Xeral Presupostaria (RDL 1091, 1988) artigos 81 e 82 e concordantes.*
- *R.D. 2225/1993 do 17 de decembro que aproba o Regulamento de concesión das subvencións públicas.*
- *Restante normativa aplicable.*

Base 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1. Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 4700000 "Programas de axudas á inserción laboral" do presuposto municipal para o ano 2004, cun importe total de 120.000 €.

2. Segunda

A presente resolución e as axudas outorgadas ó abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da comisión relativa ás axudas de "mínimis".

Base 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor a data seguinte a da súa aprobación en Xunta de Goberno Local, data a partir da que se poderán presentar as solicitudes correspondentes.

20(677).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2004 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 2293/077.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.05.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 23.04.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2004 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN, no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, que se achegan no expediente.

2º.- Aprobar a disposición total de 18.000 euros (DEZAOITOMIL EUROS), para a concesión das devanditas axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida presupuestaria 3220 470 00 00 "Programas de axudas á inserción laboral".

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2004 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN

INTRODUCCIÓN

Base 1ª - OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1 Finalidade*
- 1.2 Características das empresas e entidades beneficiarias*
- 1.3 Requisitos*
- 1.4 Tipos e contías das axudas*
- 1.5 Obrigas*
- 1.6 Alteración das condicións de concesión das axudas*

Base 2ª - EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª - COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1 Instrucción e tramitación das axudas*
- 3.2 Comisión de Valoración e Seguimento*

Base 4ª - SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Base 5ª - PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS

Base 6ª - XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO

Base 7ª - REINTEGRO DA AXUDA PERCIBIDA

Base 8ª - PUBLICIDADE

Base 9ª - DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I - Impreso solicitude axudas

ANEXO I bis - Documentación para xuntar, inescusablemente, coa solicitude

ANEXO II - Ficha de solicitude de transferencia bancaria

ANEXO III - Declaración xurada de non ter solicitado nin percibido outras axudas

ANEXO IV - Declaración de aceptación das actuacións de comprobación e seguimento

ANEXO V - Solicitude de traballadores/as á Bolsa de emprego

INTRODUCCIÓN

O Plan municipal de emprego 2004-2007, aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión do día 26 de xaneiro de 2004, representa o marco de actuación municipal para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial. No conxunto de accións que configuran este Plan, dentro dos Programas de apoio á inserción laboral, atópase o “Programa de axudas municipais á contratación”.

BASE 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición, ten por obxecto fixar as bases que regulan a concesión de axudas municipais a empresas e entidades distintas da administración pública para o fomento da contratación de persoas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego. A concesión e contía das axudas dependerá (sempre que se cumpran os requisitos establecidos), dos seguintes criterios:

- 1. Características e número de traballadores/as contratados/as (ata 10 ptos).*
- 2. Duración (ata 10 ptos).*

As subvencións establecidas nas presentes bases poderán afectar ás contratacións que, reunindo os requisitos establecidos nas presentes bases, se formalicen no período comprendido entre o 1 de setembro de 2003 e o 31 de agosto de 2004.

1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias

Empresas privadas (independentemente da súa forma xurídica) e entidades distintas da administración pública, sempre que o obxecto da súa contratación sexa “Persoas desempregadas da Bolsa de emprego da Concellería”.

1.3. Requisitos

1.3.1. A contratación ten que supoñer un aumento do cadro de persoal da empresa, en termos netos e que este aumento se mantéña cando menos durante o tempo de vixencia do contrato obxecto de subvención.

1.3.2. Non haber recibido ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, nacional ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

1.3.3. Os/As traballadores/as a contratar deben estar incluídos na Bolsa de emprego da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego. Para solicitar candidatos/as, de ser preciso por parte da empresa potencialmente beneficiaria, deberase utilizar modelo normalizado que se achega nestas bases (Anexo V).

1.4. Tipos e contías das axudas

Axudas á contratación temporal a xornada completa

Contratos cunha duración mínima dun ano, ata 1.500,00 € por contrato e cunha duración mínima de seis meses, ata 750,00 € por contrato.

Si a persoa contratada pertence a un colectivo con dificultades de acceso ao mundo laboral (muller, discapacitado/a, parado/a de longa duración, maior de 45 anos ou menor de 25 anos) a contía poderá incrementarse en 120,00 € se o contrato é dun ano e 60,00 € se o contrato é de seis meses.

Axudas á contratación temporal a xornada parcial

Neste caso, o importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato (tanto para os de duración mínima de 6 meses como para os dun ano).

Nos contratos temporais a xornada parcial o incremento da contía da subvención por pertencer a un colectivo de persoas con dificultades de acceso ao mundo laboral será proporcional á xornada de traballo.

1.4.1. O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 6.000,00 €, agás naqueles casos nos que a Comisión de Valoración e Seguimento estime oportuno ampliar dito tope, pola importancia e repercusión da solicitude.

1.4.2. As axudas concedidas ó abeiro desta convocatoria faranse con cargo ó orzamento da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, na aplicación orzamentaria 3220 470 00 00 “Programas de axudas á inserción laboral”, por un importe total de 18.000,00 €.

1.5. Obrigas

- 1. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopan ó corrente das súas obrigas coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.*
- 2. Non atoparse en situación de suspensión de pagamentos ou quebra e, así mesmo, que nos tres últimos anos non amortizaran postos de traballo por despedimento declarado improcedente, expediente de regulación de emprego ou por causa prevista no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores.*
- 3. Comunicar ó Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.*
- 4. Manter no seu cadro de persoal ó/a traballador/a contratado/a durante o período fixado ou, de ser ó contrario, acollerse ás condicións do apartado 1.6.*
- 5. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.*
- 6. O cómputo global do seu cadro de persoal deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, cando menos ó longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.*
- 7. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración e Seguimento reguladora das subvencións obxecto destas bases.*

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas

No suposto de extinción da relación laboral do/a traballador/a polo que se concede a subvención, con independencia da causa, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, terá que facerse dentro dos trinta días naturais seguintes ó da baixa, e por un período de tempo equivalente ó que resta para a finalización do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria procederá a devolver a axuda concedida segundo o estipulado na base 7ª. O/A novo/a traballador/a contratado/a deberá pertencer á Bolsa de emprego da Concellería.

No seu caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días hábiles a contar dende o prazo que ten para a nova contratación, para comunicar á Comisión de Valoración e Seguimento a extinción do contrato e a nova contratación. Neste caso terá que chegar a seguinte documentación:

- Comunicación por escrito onde conste a causa da extinción contractual.
- Baixa do/a traballador/a contratado/a inicialmente.
- Alta do/a novo/a traballador/a no réxime xeral da Seguridade Social.
- Contrato de traballo do/a novo/a traballador/a suscrito na correspondente oficina do Servicio Público de Emprego.

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade.
- Estas axudas serán incompatibles con outras que, por eses mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas e empresas privadas, nacionais ou internacionais, como medida de fomento de emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.
- Os contratos celebrados con calquera dos/as participantes incluídos/as no mínimo do 50% comprometido no convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vigo e as empresas colaboradoras do “Programa de formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego.

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrucción e tramitación das axudas

Os expedientes completos remitiranse para o seu informe preceptivo á Comisión de Valoración e Seguimento que, unha vez estudiada cada solicitude, emitirá a correspondente proposta de resolución á Xunta de Goberno Local (órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas).

3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

Estará composta polos seguintes membros:

- A concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local
- O xefe do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego
- Dous técnicos/as da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeados/as pola concelleira.

Dita Comisión formada por un número par de membros, contará co voto de calidade da concelleira, que será resolutivo. O xefe do Servicio actuará como secretario. A Comisión de Valoración e Seguimento será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas, podendo requirir á empresa beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 4ª. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes achegaranse, segundo modelo establecido no Anexo I, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Comisión de Valoración e Seguimento do “Programa de axudas municipais á contratación”, da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, inescusablemente xunto coa totalidade da seguinte documentación, por duplicado, sendo un deles orixinal ou copia compulsada, segundo consta no Anexo I bis:

- DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas (neste caso achegar DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude).*
- Alta no IAE da empresa que solicita a axuda e, no caso de sociedade, copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. E de ser o caso resolución da exención do IAE.*
- DNI do/s traballador/es obxecto de contratación no seu caso.*
- Informe da vida laboral actualizado do/s traballador/es.*
- Contrato de traballo, rexistrado na oficina do Servicio Público de Emprego.*
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).*
- Certificados de atoparse ó corrente nas súas obrigas coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.*
- Declaración pola que se expresa a aceptación das Actuacións de Comprobación que acorde a Comisión de Valoración e Seguimento (Anexo IV).*
- Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo III).*
- Últimos TC1 (liquidado) e TC2 inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, onde conste a relación nominal de tódolos/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa.*
- Certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente en grado total ou gran invalidez (de ser a persoa contratada discapacitada) ou certificado dos períodos de inscrición como demandante de emprego (de ser a persoa contratada parada de longa duración).*

Toda solicitude incompleta será desestimada.

O prazo de presentación irá dende a data de publicación destas bases ata o 31 de agosto de 2004. No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración e Seguimento realizará proposta de resolución baseada nos criterios establecidos no punto 1.1. da Base 1ª.

Base 5ª. PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS

O acordo de concesión destas axudas será notificado ós solicitantes no prazo de 15 días naturais dende o momento no que aquel se produce.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas ou subvencións, faranse efectivas nun pagamento único, condicionado á presentación no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 15 días naturais dende a recepción da notificación, da seguinte documentación:

- Xustificante de alta na Seguridade Social do/a traballador/a contratado/a.*
- Documentación acreditativa da vixencia do contrato (Vida laboral do/a traballador/a contratado/a ou xustificante de baixa na Seguridade Social).*
- Último TC2 no que figure o/a traballador/a polo/a que se percibe a axuda correspondente.*

Base 6ª - XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO

A obriga da empresa beneficiaria é cumprir a finalidade pola que se lle concedeu a subvención, así como a aplicación dos fondos percibidos. Neste senso, segundo o estipulado no artigo 81.6 do Real decreto Lexislativo 1091/1988, de 23 de setembro sobre axudas e subvencións públicas, establécese que a empresa beneficiaria no prazo dun mes dende a finalización do contrato obxecto de subvención ten a obriga de xustificar o anterior, mediante a presentación da documentación que requira a Comisión de Valoración e Seguimento, co obxecto de comprobar o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

Base 7ª REINTEGRO DA AXUDA PERCIBIDA

Segundo a lexislación vixente, no caso de non cumprir as condicións estipuladas nas bases en calquera dos seus aspectos, a empresa procederá a devolver a axuda concedida nun prazo máximo de trinta días naturais, contados a partir da data na que o Concello de Vigo notifique ó solicitante o incumprimento das súas obrigas, aplicándose os correspondentes xuros de demora, segundo o tipo de interese legal vixente no mercado.

Base 8ª. PUBLICIDADE

As bases reguladoras desta convocatoria, e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse ós/ás interesados/as no Rexistro Xeral do Concello.

Esta convocatoria para o ano 2004 do "Programa de axudas municipais á contratación", como un dos incentivos de fomento ó emprego, enmarcado dentro do Plan municipal de emprego do Concello de Vigo, publicarase nos xornais de maior tirada da cidade, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Base 9ª. NORMATIVA SUPLETORIA

No non previsto nas bases desta convocatoria estarase ó disposto nas seguintes normas supletorias e complementarias:

- Bases de execución dos presupostos municipais.*
- Regulamento municipal de subvencións aprobado na sesión plenaria do 30/11/1988.*

- *Lei Xeral Presupostaria (RDL 1091/1988) artigos 81 e 82 e concordantes.*
- *R.D. 2225/1993 do 17 de decembro que aproba o Regulamento de concesión das subvencións públicas.*
- *Restante normativa aplicable.*

Base 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ó día seguinte da súa aprobación na Xunta de Goberno Local, data a partires da que se poderán presentar as solicitudes correspondentes.

21(678).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DE S. XOAN DE FREIXO EN VALADARES OS DÍAS DO 26 Ó 28 DE XUÑO. EXPTE. 69642/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 19.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas de San Xoán de Freixo, á ocupación do espacio público solicitado co gallo da celebración da FESTA DE SAN XOÁN, os vindeiros 26 a 28 de xuño de 2004 en Valadares, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espacio baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

22(679).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DE SAN LORENZO EN CORUXO OS DÍAS DO 10 Ó 13 DE AGOSTO. EXPTE. 69440/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas de San Lorenzo, á ocupación do espacio público solicitado co gallo da celebración da FESTA de San Lorenzo, os vindeiros 10, 11, 12 e 13 de agosto de 2004 en Valadares, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espacio baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

No caso de instalar nos recintos das festas estruturas metálicas ou desmontables portátiles deberá presentar a Póliza de Responsabilidade Civil complementaria ás pólizas aportadas, na que se inclúan os posibles riscos derivados das instalacións desmontables portátiles que se constrúan provisionalmente.

23(680).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DE SAMPAIO EN LAVADORES OS DÍAS DO 25 Ó 27 DE XUÑO. EXPTE. 69654/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas de Sampaio, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DE SAMPAIO, os vindeiros 25, 26 e 27 de xuño de 2004 en Lavadores, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

24(681).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS EN BEMBRIVE OS DÍAS DO 18 Ó 20 DE XUÑO. EXPTE. 69656/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Asociación de Festas do Sagrado Corazón de Jesús, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DO SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS, os

vindeiros 18, 19 e 20 de xuño de 2004 en Bembrive, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espacia baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espacia públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

25(682).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO STMO. CRISTO DOS AGLIXIDOS EN VALADARES OS DÍAS 5 E 6 DE XUÑO. EXPTE. 69605/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á COMISIÓN DE FESTAS DO STMO. CRISTO DOS AFRIXIDOS DE VALADARES, á ocupación do espacia público solicitado co gallo da celebración da Festa do Stmo. Cristo dos Afrixidos, os vindeiros días 5 e 6 de xuño de 2004, en Valadares, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo delimita-lo recinto, deixar espacia baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €
De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa do Stmo. Cristo dos Afixidos.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P. de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

26(683).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA III FEIRA TRIANERA DE VIGO EN SAMIL OS DÍAS DO 1 Ó 7 DE XUÑO. EXPTE. 69610/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Asociación Cultural Triana de Vigo, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da III FEIRA TRIANERA DE VIGO, os vindeiros 1 a 7 de xuño de 2004 en Samil, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de

instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

27(684).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA VERBENA POPULAR DO CALVARIO O DÍA 5 DE XUÑO. EXPTE. 69659/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Asociación de Veciños do Calvario, á ocupación do espacio público solicitado co gallo da celebración da VERBENA POPULAR NO CALVARIO, o vindeiro 5 de xuño de 2004, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espacio baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

28(685).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO ACD GRUPO DE EMPRESAS PSA PEUGEOT CITROËN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO SOCIO NO AUDITORIO DO PARQUE QUIÑONES DE LEÓN O DÍA 11 DE SETEMBRO. EXPTE. 69554/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR ó ACD GRUPO DE EMPRESA PSA PEUGEOT CITROËN, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da Festa do Socio, o vindeiro día 11 de setembro de 2004, no Auditorio do Parque Quiñones de León, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán presentar con anterioridade á celebración da festa a Póliza de Responsabilidade Civil, que deberá incluír ademais responsabilidade por un importe de 300.000 € e por posibles danos ó patrimonio ata 900 €

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

29(686).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA AGRUPACIÓN DE FESTA DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DE DIVERSAS FESTAS DURANTE OS MESES DE XUÑO A SETEMBRO. EXPTE. 69637/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 19.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración de diversas festas nos días que se relacionan a continuación:

FESTAS	DIAS
Ascensión-Bembrive	6 de xuño
San Benito Monte Pequeño-Candeán	3 de xullo
San Cristobo-Candeán	25 e 26 de xullo
Os Liñares-Canido	11, 12, 13 e 14 de setembro
Os Pexegos-Candeán	11,12 e 13 de setembro
As Dores- Cabral	18 e 19 de setembro
San Cibrán- Bembrive	18 e 19 de setembro
San Miguel de Oia	28 e 29 de setembro
San Salvador de Coruxo	5 e 6 de agosto
Sta. Mariña de Cabral	16, 17 e 18 de xullo

nas zonas marcadas e delimitada nos planos que se achegan, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

No caso de instalar nos recintos das festas estruturas metálicas ou desmontables portátiles deberá presentar a Póliza de Responsabilidade Civil complementaria ás pólizas aportadas, na que se inclúan os posibles riscos

derivados das instalacións desmontables portátiles que se constrúan provisionalmente.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

30(687).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS PARA O ALUGER DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÓS “A NOSA TERRA” DE ALCABRE. EXPTE. 2104/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación Cidadá, do 23.04.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, que di o seguinte:

1º.- A orde de data 21.04.04 da Concellería de Participación Cidadá, iniciouse o expediente para o outorgamento dunha axuda económica para financia-lo aluguer do local social da Asociación de Veciños “A Nosa Terra” de Alcabre.

2º.- O Concello de Vigo a través da Concellería de Participación Cidadá e dentro das medidas de fomento do asociacionismo, e como complemento da súa propia actividade, asume a tarefa de proporcionar unha sede digna a tódalas asociacións veciñais do término municipal, que lles permita dispor dun elemento básico referencial e aglutinador da súa vida socio-cultural, acometendo directamente a construción de locais e a súa posterior cesión ou financiando o alugamento vía subvención, ou ben directamente mediante transferencia de capital naqueles supostos nos que sexa imposible acadar outro xeito de levar a cabo esta prestación.

3º.- Un exemplo do anterior o constitúe a parroquia de Alcabre, cunha poboación preto de 3.052 habitantes e cunha carencia total de equipamentos cívicos e sociocomunitarios; o que se tratará de paliar en breve prazo mentres non se executen as obras de rehabilitación integral da antiga casa Rectoral, cedida en uso a devandita asociación por acordo do Pleno do Concello de data 27.05.02.

4º.- Por acordo da Comisión de Goberno de data 5 de febreiro do ano 99, concedeuse unha subvención con destino ó pagamento do aluguer do local social, da Asociación de Veciños “A Nosa Terra” de Alcabre, renovándose o outorgamento de subvención, por acordo da Comisión de Goberno de data 11.06.01, 15.04.02 e 05.05.03.

5º.- Por escrito da data de entrada no Rexistro Xeral de 10.03.04 (doc. 40024858), a Asociación de Veciños “A Nosa Terra” de Alcabre, solicita subvención para o ano 2004, polo importe total de 2.885€, que permita transitoriamente paliar as anteriores carencias, propoñendo o alugamento dun local na rúa Rode, 6 da parroquia de Alcabre.

6º.- A devandita asociación de veciños atópase inscrita no Rexistro municipal de asociacións co número 47/88, coa súa documentación actualizada, e igualmente segundo certificación da Tesourería municipal de data 25.02.04, que se achega ó expediente, non ten débedas pendentes con este Concello.

7º.- Conforme o estipulado pola disposición transitoria segunda da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, a actual axuda regularase pola normativa vixente do Regulamento de subvencións aprobado por acordo plenario de data 30.11.88 e 30.03.89 o cal resultará de aplicación en todo o que non contradiga a Lei 39/88 LRFL e Bases de Execución do Presuposto do Concello de Vigo.

Por todo isto, e de conformidade co establecido na lexislación vixente, Regulamento de Facendas locais e normativa complementaria, proponse á Xunta de Goberno, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

“Conceder á Asociación de Veciños “A Nosa Terra” de Alcabre, CIF:G-36649374, unha subvención pola contía de 2.885€ pagadoira en doce mensualidades vencidas de 240,42€, para financia-lo custo do aluguer do local socio-cultural da citada asociación veciñal para o ano 2004, con cargo á partida 463.1.489.00.00 do vixente orzamento”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

31(688).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA CESIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DO EDIFICIO CAMBÓN. EXPTE. 16872/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 13.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

ANTECEDENTES

1º.- Este Excmo .Concello, solicitou á Xunta de Galicia a cesión gratuita do edificio Cambón, co fin de ser destinado ós servizos administrativos da propia Alcaldía e outros órganos de goberno do concello.

2º.- Por Decreto 86/2004 do 25 de marzo da Consellería de Economía e Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOGA nº 90 de 11 de maio de 2004 acordouse a cesión a favor do concello da propiedade a título gratuito e por tempo indefinido do edificio Cambón, sito na rúa Palma nº 4 neste termo municipal de Vigo, e inscrito no Rexistro da Propiedade nº 5 dos de Vigo no Tomo 456 Fol. 201 predio 6136, Inscripción 22, e co fin do seu destino a sede da alcaldía ou, no seu caso, a dependencias doutros órganos de goberno do concello de Vigo.

FUNDAMENTO XURIDICOS

1º.- As administracións locais para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas competencias, teñen plena capacidade xurídica para adquisición e posesión de tódalas clases de bens, establecéndose no Ordenamento Xurídico que a adquisición a título gratuito non está suxeita a restricción algunha (Art. 5 da LRBRL, 270 e 273 da Lei de Administración Local de Galicia).

No presente caso, a cesión acordada pola Comunidade Autónoma de Galicia do inmovible obxecto do presente expediente, efectúase a título gratuito en pleno dominio e por tempo indefinido, sin condición ou modalidade onerosa, supeditando unicamente o seu destino ós fins propios para o que foi interesada a cesión non existindo, conseguintemente, obxección a súa aceptación por parte desta administración, entendéndose , en todo caso, feita libre de cargas e gravames.

2º.- Corresponde a Xunta de Goberno Local a adopción do acordo de aceptación da cesión gratuita do devandito inmovible, o ter atribuídas as competencias en materia de xestión , adquisición e enaxenación de Patrimonio, de conformidade co artº. 127. 1 F da LRBRL (trala modificación introducida pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para modernización do goberno local).

Por tódolo anteriormente exposto propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo

1º.- Aceptar a cesión da Comunidade Autónoma de Galicia, a título gratuito e por tempo indefinido, da propiedade do inmovible coñecido como edificio Cambón, sito na rúa Palma nº 4 no termo municipal de Vigo, e co fin do seu destino á sede da Alcaldía, e no seu caso, a dependencias doutros órganos do goberno deste concello.

2º.- Facultar a Excm. Sra. Alcaldesa para suscripción daqueles documentos públicos que sexan precisos para formalización de dita cesión.

Consta no expediente informe do xefe de Contabilidade, do 20.05.04, conformado pola interventora e informe de valoración do inmovible de data 19.05.04, emitido por arquitecto municipal do Servizo de Patrimonio e Contratación.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, acorda:

1º.- Aceptar a cesión da Comunidade Autónoma de Galicia, a título gratuito e por tempo indefinido, da propiedade do inmovible coñecido como edificio Cambón, sito na rúa Palma nº 4 no termo municipal de Vigo, e co fin do seu destino á sede da Alcaldía, e no seu caso, a dependencias doutros órganos do goberno deste concello.

2º.- Facultar a Excma. Sra. Alcaldesa para suscripción daqueles documentos públicos que sexan precisos para formalización de dita cesión.

32(689).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ENTIDADE TURVIGO FERIAS E CONGRESOS S.A. CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2.02.04. DESESTIMADO. EXPTE. 15847/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e polo xefe de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- *A Xunta de Goberno Local en sesión 2 de febreiro de 2004 adoptou acordo de declaración de resolución por desestimento da administración contratante do Contrato administrativo celebrado con TURVIGO FERIAS E CONGRESOS, S.A., para a promoción, organización e celebración de feiras patrocinadas por este concello.*

2º.- *Notificado o acordo á Entidade Contratista Turvigo Ferias e Congresos,S.A., en data 10 de febreiro de 2004, fórmulase por ésta recurso de reposición contra o mesmo en data 2 de marzo de 2004, polo que solicita a súa declaración de nulidade e a plena vixencia do contrato outorgado a esa parte.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- *O recurso de reposición interposto pola entidade contratista e polo que solicita a nulidade da resolución adoptada pola Xunta de Goberno Local en data 2 de febreiro de 2004, fundaméntao basicamente en dúas alegacións que se reflicten no apartado 1º e 2º do citado recurso. No que respecta ó alegado pola recurrente no apartado 1º do seu escrito, incide sobre cuestións relativas á necesidade da previa vixencia do contrato, da declaración de ser este perxudicial para os intereses públicos, e o posicionamento desta administración en dita situación perxudicial coa relación xurídica que lle vincula ó Instituto Ferial de Vigo. As devanditas cuestións xa foron plantexadas durante a instrución do procedemento resolutorio, e tiveron a súa resolución expresa no apartado 1º do acordo agora recurrido en base ós razoamentos xurídicos que se contiñan no informe da xefatura de Patrimonio de data 10 de setembro de 2003, e que se dan por reproducidos.*

No que se refiere ó manifestado á falta de coñecemento dos informes emitidos pola Secretaría Xeral e Intervención Xeral desta administración sobre a resolución do contrato, en modo algún pode considerarse invalidante da resolución adoptada, xa que, tal e como ven a sinalar o Consello Consultivo de Galicia no seu dictame de 9 de xaneiro de 2004, emitido á proposta de resolución do contrato formulada , a recurrente tivo durante a instrucción do expediente vista do mesmo, e, si ben, os informes foron emitidos con posterioridade, non introducen consideracións distintas ás coñecidas por ésta no momento da formulación das súas alegacións.

En canto ó alegado pola recurrente no apartado 2 do seu escrito relativo á falta de causa de resolución do contrato invocada e a obligación de indemnizar á mesma polo que considera un incumplimento por parte desta administración dos termos do contrato, procede sinalar que fronte a dita alegación, sí é totalmente admisible, e así o contempla o noso Ordenamento xurídico, a posibilidade do desistimento da administración nos contratos administrativos que celebren, dando lugar en todo caso, á liquidación do contrato e fixación da indemnización que por dito concepto poida corresponderlle ó contratista. Amba-las dúas circunstancias resultan contempladas no acordo recurrido e foron dictaminadas favorablemente polo Consello Consultivo de Galicia, tal e como consta no expediente tramitado.

2º.- Resulta competente para a resolución do presente recurso de reposición interposto a Xunta de Goberno Local de conformidade no disposto no art. 116 da Lei 30/92 do RXAP E PAC.

Por tódolo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Unico. Desestimar o recurso de reposición interposto pola entidade Turvigo Ferias e Congresos, S.A. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de febreiro de 2004 ó non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a adopción de dito acordo de resolución do contrato administrativo celebrado por este concello coa empresa recurrente”

Acordo

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

33(690).- SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DOS DE VIGO, DESESTIMATORIA DE DEMANDA PRESENTADA POR D. JOSÉ ANTONIO GÓMEZ RODRÍGUEZ SOBRE DESPIDO. EXPTE. 15073/220.

Dáse conta da sentenza de data 13.05.04, dictada polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo no procedemento nº 276/04 seguido a instancia de D. José Antonio Gómez Rodríguez na demanda presentada contra o Concello de Vigo por suposto despido improcedente. A sentenza falla o seguinte:

Que desestimando a demanda formulada por D. José Antonio Gómez Rodríguez contra o Concello de Vigo debo declarar e declaro que non existiu despido improcedente, senon cese ou

extinción do contrato por causa lícita, absolvendo ó Concello demandado das pretensións da demanda.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

34(691).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2004. EXPTE. 15062/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 13.05.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados como palista no Parque Móbil, según relación adxunta e que comenza por don Antonio Amoedo García (nº persoal 22579) e remata por don José Luis Villarroel Vila e que ascenden a un total de 57'40 € (CINCOENTA E SETE EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS), correspondente o mes de MARZO de 2004 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

35(692).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2004. EXPTE. 15063/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 13.05.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de ABRIL-2004 e que ascenden a un total 561'80 € (CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS, CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

36(693).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2004. EXPTE. 15064/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 13.05.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de ABRIL-2004, e que ascenden a un total de 1.125'04 € (MIL CENTO VINTECINCO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

37(694).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2004. EXPTE. 15065/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 13.05.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de ABRIL-2004, e que ascenden a un total de 586'50 € (CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

38(695).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL 2004. EXPTE. 15066/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 13.05.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan [por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios](#) e rematan [por don José Ramón Alonso González de Circulación Viaria](#), os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 75.558'01 € (SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CINCOENTA E OITO EUROS CON UN CÉNTIMO), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de ABRIL de 2004.

39(696).- CONTRATACIÓN DE PROFESORES E MONITORES PARA O PLAN DE FORMACIÓN DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15075/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal, do 20.05.04, conformado polo xefe da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal e Facenda, a Xunta de Goberno acorda:

Na sesión da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2004 , aprobouse o proxecto de convenio entre a EGAP e o Concello de Vigo para a realización de accións formativas para o persoal municipal, correspondente o ano 2004 , asinado con data 17 de marzo de 2004.

Os gastos que supón a realización de ditas accións ascenden a 48001.82€ das que, tal e como aparece reflectido no texto do Convenio, ó Concello de Vigo financiará o 75% do importe (36001.81 €), correspondendo o 25% restante á EGAP (12000.00 €)

En dito importe se inclúen os gastos correspondentes a formadores, material didáctico, aluguer aulas e equipos, desprazamiento formadores, etc.

Con data 16 de abril de 2004, e segundo resolución do Concelleiro delegado de facenda , remítese a intervención xeral o expediente para a instrumentación da conseguinte modificación de orzamentos, (xeneración de crédito) polo importe do 25% do gasto das accións formativas contidas no convenio (12000.00 €).

A COPFE na sus sesión de data 12 de maio de 2004, aprobou a relación de cursos, programas e profesorado a impartir dentro do convenio entre a egap e este concello asinado con data 17 de marzo de 2004 que pasase a expoñer:

O total de accións formativas a realizar é de 38, e, ademais dos gastos correspondentes os formadores, inclúese no convenio os relativos a aluguer de equipos informáticos e audiovisuais para a realización dos cursos, o material didáctico necesario e o persoal auxiliar que realizara as funcións de recepción e entrega do material os alumnos, preparación das aulas , etc, para o cal se contará co persoal subalterno do Instituto Nautico Pesqueiro del Atlantico, o cal solicitarase a súa colaboración, como xa ven sendo habitual, para a utilización das aulas das súas instalacións.

EMPRESA	CIF	IMPORTE	CONCEPTO
TAGEM ATA	F15875305	3878,50	IMPARTICION 2 EDICONS CURSO "ACTUALIZACION NORMATIVA GALEGO" TOTAL HORAS: 40. INCLUE AVALIACIONS,FORMADOR, MATERIAL, DESPRAZAMENTOS, EQUIPOS AUDIOVISUAIS ETC
REVERSO SERVICIOS LINGUISTICOS	B15928278	2300,00	IMPARTICION 1 EDICONS CURSO "COMUNICAR COS CIDADAS EN GALEGO". TOTAL HORAS: 20. INCLUE IMPARTICION CURSO, AVALIACIONS,FORMADOR, MATERIAL, DESPRAZAMENTOS, EQUIPOS AUDIOVISUAIS ETC
BENITO PUGA LUEIRO	35992347	1.544,76	PERSOAL AUXILIAR (INSTITUTO MARITIMO PESQUERO DEL ATLANTICO)
EQUIPOS ELECTRICOS DE REDONDELA (TELINCO)	B36442689	3735,89	ALQUILER EQUIPOS INFORMATICOS (MAIO- NOVIEMBRE)
FORMACION INFORMATICA Y EQUIPOS DE OCASIÓN, S.L.	B 36915981	4280,00	CURSOS OFIMATICA FORMACION (BASE DE DATOS ACCESS MEDIO, FOLLA DE CALCULO EXCEL MEDIO Y AVANZADO, XESTION DE PROXECTOS MS.PROJECT.TOTAL CURSOS: 4. HORAS 80H)
CENTRO DE ESTUDIOS ARISTOS	B 36784585	10710,08	CURSOS OFIMATICA BASICO-CAPACITACION (22 CURSOS, 296 HORAS)
MATERIAL DIDACTICO		2177,46	COPIAS, ETC
LUIS RODRIGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA	35299727V	800,00	PREPARACION E IMPARTICION CURSO INCIDENCIA NA ADMON LOCAL (LEI 33/2003 DE 3 DE NOVIEMBRE DE PATRIMONIO DAS ADMON PUBLICAS. LEI 38/2003 DE 17 DE NOVIEMBRE XERAL) (10 HORAS)
JOSE MANUEL VIEITES ALEN	36084888G	800,00	PREPARACION E IMPARTICION CURSO INCIDENCIA NA ADMON LOCAL (LEI 33/2003 DE 3 DE NOVIEMBRE DE PATRIMONIO DAS ADMON PUBLICAS. LEI 38/2003 DE 17 DE NOVIEMBRE XERAL) (10 HORAS)
ALFONSO RAMOS COVELO	52500567P	1600,00	PREPARACION E IMPARTICION CURSO A LEI 57/2003 DE 16 DE DECEMBRO DE MODERNIZACION DO GOBERNO LOCAL (20 HORAS)
MARTA RIOBO IBAÑEZ	36081499-L	1600,00	PREPARACION E IMPARTICION CURSO A LEI 57/2003 DE 16 DE DECEMBRO DE MODERNIZACION DO GOBERNO LOCAL (20 HORAS)
CENTRO DE ESTUDIOS MEGA	76990884-V	2400,00	PREPARACION E IMPARTICION CURSO PERFECCIONAMENTO ADMINISTRATIVO. INCLUE IMPARTICION CURSO, AVALIACIONS,FORMADOR, MATERIAL, DESPRAZAMENTOS, EQUIPOS AUDIOVISUAIS ETC
GUSTAVO R BARTOL	36062060S	1600,00	PREPARACION E IMPARTICION CURSO A POTESTADE NORMATIVA MUNICIPAL. ORDENANZAS, REGULAMENTOS, NORMAS URBANISTICAS E BANDOS (20 HORAS)
M JESUS MAGDALENA	36025359E	1600,00	PREPARACION E IMPARTICION CURSO NOVIDADES LEXISLATIVAS NAS ENTIDADES LOCAIS EN MATERIA TRIBUTARIA (20 H)
FRANCISCO COMINGES DE CACERES	36116529C	1600,00	PREPARACION E IMPARTICION CURSO ACTUALIZACION DEREITO URBANISTICO (20 HORAS)
YSL S.L.	B36924306	1475,11	IMPARTICION CURSO COACHING .INCLUE AVALIACIONS,FORMADOR, MATERIAL, DESPRAZAMENTOS, EQUIPOS AUDIOVISUAIS ETC
ESCUELA PARA LAS ADMON PUBLICAS CAIXANOVA	G-36600369	5900,00	IMPARTICION CURSO O DESENVOLVEMENTO PERSOAL A TRAVES DA INTELIXENCIA EMOCIONAL. INCLUE AVALIACIONS,FORMADOR, MATERIAL, DESPRAZAMENTOS, EQUIPOS AUDIOVISUAIS ETC
TOTAL		48001,80	

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local:

- 1. Autorizar a tramitación do expediente con suxeición o réxime excepcional de contrato menor por razón de contía (de conformidade no previsto nos artigos 56 en relación co 200 e 201 do Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño, así como o art 245 do Decreto 3410/1995)*
- 2. Comprometer o gasto correspondente a honorarios dos profesores e monitores, gastos de material didáctico, etc, de acordo coa distribución que se indica.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

40(6977).- CONCURSO PARA CUBRIR VACANTES DE AXUDANTE TÉCNICO DE ELECTROMECAÑICOS E ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS. EXPTE. 15076/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do coordinador do Área de Servizos, do 26.04.04, o informe do xefe dos Servizos xurídicos do Área de Servizos xerais do 10.05.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 20.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aproba-las bases que rexirán a cobertura , por concurso de traslados, dos seguintes postos de traballo vacantes nesta administración:

- Axudante técnico de electromecánicos :

Nivel de Complemento de destino. : 17

Grupo: C

Escala: Administración especial.

Subescala: técnica

Clase: auxiliar.

Titulación: FP II rama delineación ou FP II rama electricidade .

Sit.: vacante

Servicio: Electromecánicos

- Enxeñeiro técnico obras públicas

Nivel de Complemento de destino: 26

Grupo: B

Escala: Administración Especial.

Subescala: Técnica

Clase: media

Titulación: enxeñería técnica de obras públicas.

Sit.: vacante

Servicio: Vías e obras e infraestructuras

Segundo: Condicións dos aspirantes :

Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira das distintas Administracións públicas, calquera que fose a súa situación administrativa, encadrados tanto no ámbito de aplicación da Lei 30/84, de medidas para a reforma da función pública, como no ámbito de aplicación da lei autonómica 4/88 da función pública de Galicia, sempre que reúnan as condicións de desempeño anteriormente referenciadas á data en que remate o prazo de presentación de instancias, agás os suspensos en firme, que non poderán participar en tanto dure a suspensión.

Ós efectos anteriormente indicados, os funcionarios participantes deberán igualmente acreditar a permanencia de dous anos continuados no seu último posto de destino definitivo.

Terceiro: Presentación de instancias .

As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaránse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte a aquel no que apareza a publicación desta convocatoria e das súas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Cuarto : Baremo para puntuación dos méritos

A) Méritos xerais:

1. Antigüidade.

Por cada ano ou fracción de servizos prestados na administración pública, e os recoñecidos con anterioridade á adquisición da condición de funcionarios de carreira, 0,10 puntos, ata un máximo de 4.

2. Valoración do traballo desenvolto no posto ofertado ou noutros de similar natureza segundo o contido técnico e especialización requeridos para o desempeño daquel:

Avaliarase dous puntos sempre que se acredite un ano completo de servizo, engadíndose outro punto por cada ano completo traballado ata un máximo de 8, debendo en calquera caso achegarse certificado acreditativo da adscrición e tempo de permanencia nos postos de traballo que pretendan alegarse como mérito.

Asemade, deberá achegarse informe dos respectivos centros de traballo, descriptivo das funcións e cometidos propios do posto de adscrición.

3. Grao persoal consolidado.

- 0 mesmo ou superior ó do posto a que se aspira: 3 puntos.
- Un nivel inferior: 2 puntos
- Dous niveis inferiores ou menos: 1,5 puntos.
- Tres niveis inferiores ou menos: 1 punto.

4. Cursos de formación e perfeccionamento

So se terán en conta os cursos que estean relacionados coas funcións do posto ó que se aspira nos que o certificado de asistencia sexa expedido por un organismo oficial, centro homologado para impartilos ou colexio profesional, os cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos MAP-Sindicatos e FEMP-Sindicatos, dentro da súa labor de formación e capacitación permanente do persoal, ou os impartidos polo Concello dentro da súa labor de formación continua, ben directamente ou a través de empresas ou organismos autorizados, sempre que o certificado de asistencia o expida o Concello e estean relacionados coas funcións do posto ó que se aspira

- Por cada curso de 60 horas de duración ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 30 o 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas como mínimo: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.
- Por cada curso no que non se especifíque a duración: 0,10 puntos.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 3 puntos.

B) Méritos específicos : Consonte ó disposto nos artigos 44.a) e 45 do Rd 364/95, de 10 de marzo, e en función da especificidade técnica das funcións dos postos ofertados, contémpranse os seguintes :

1. Titulacións académicas

- a) Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o desempeño do posto, sempre que garde relación co contido do mesmo: 2 punto.
- b) Por estar en posesión doutras titulacións do mesmo grupo de titulación, excluída a que serviu para obte-la que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións do posto: 0,5 puntos, ata un máximo de 1 punto.

2. Coñecemento do idioma galego.

- Por supera-lo curso/validación de iniciación: 0,50 puntos.

- Por supera-lo curso/validación de perfeccionamento ou curso básico de linguaxe xurídico-administrativa, 1 punto.
- Por supera-lo curso medio de linguaxe xurídico-administrativa, 2 puntos.
- Por supera-lo curso superior de linguaxe xurídico-administrativa, 3 puntos.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

Ó/Á aspirante que non acredite estar en posesión de ningún curso deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Xunta de Galicia, a fin de obter a debida capacitación.

3. Fase de entrevista: de 0 a 6 puntos.

En atención á especificidade técnica dos postos a cubrir, prevese a celebración dunha entrevista, que terá por obxecto comprobar e avaliar a formación e experiencia do candidato nas materias específicas que configuran o contido do posto ofertado, tal e como a continuación se describen:

- Posto de enxeñeiro técnico de obras públicas :

A entrevista versará sobre as seguintes materias:

Proxectos de obra civil. Documentos

Estudio e proxecto de seguridade e saúde.

Clasificación do contratista

Procedementos administrativos para a contratación de obras , licitación, adxudicación, execución, liquidación e recepción.

Proxectos modificados. Revisións de prezos.

Programación de obras, estudio de rendimentos e custos. O PERT.

Funcions do Director de obra.

Trazado de estradas.

Movements de terras.

Drenaxes. Obras de paso. Estructuras.

Firmes flexibles, ríxidos, semiflexibles e semirríxidos.

Emprego de mezclas bituminosas: en frío, en quente, de alto módulo e discontinuas en quente.

Patoloxía de firmes.

Redes unitarias e separativas de saneamento de poboacións e redes de distribución de abastecemento de augas.

Emprego e cálculo de colectores e tuberías.

Bombeos, depuradoras de residuais e depósitos de abastecementos .

Control de calidade, ensaios de materiais e unidades de obra.

- Posto de axudante técnico de electromecánicos: As materias sobre as que versará a entrevista serán as seguintes:

Planificación e supervisión de traballos de mantemento e conservación de instalacións electro-mecánicas.

Levantamento de planos das instalacións electromecánicas.

Aplicación gráfica de datos á cartografía dixitalizada da rede de alumado público.

Os proxectos de instalacións electromecánicas: deseño de instalacións, cálculos, medicións e retranqueos .

A recepción de instalacións eléctricas consonte á normativa legal.

A telexestión de centros de mando de alumado público.

Os equipos de medidas eléctricas: analizador de redes, localizador de radio, telurómetro, megómetro e luxómetro.

Emprego a nivel usuario do programa Autocad.

Os empates dirimiranse en función da puntuación outorgada ós méritos enunciados, pola orde establecida. De persisti-lo empate acudirase á data de ingreso como funcionario de carreira no Corpo ou Escala dende o que se concursa e, no seu defecto, ó número obtido no proceso selectivo.

Quinto : Comisión de Valoración

A comisión de Valoración estará integrada por tres representantes designados pola Corporación e tres do órgano de representación unitaria do persoal con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ó posto, e presidida polo alcalde ou concelleiro en quen delegue. Será secretario o da Corporación ou técnico de administración xeral que designe o alcalde e participará como asesor o xefe do servizo ou técnico cualificado, ámbolos dous con voz e sen voto.

Xunto cos titulares da comisión deberán designarse ós correspondentes suplentes.

A Comisión someterá ó Organismo municipal competente a correspondente proposta, que será vinculante sempre que se axuste a dereito.

A actuación das Comisións rexerese polo previsto na Lei de procedemento administrativo en relación co funcionamento dos órganos colexiados.

Sexto : Procedemento de valoración

As solicitudes, xunto coa documentación acreditativa dos méritos valorables -excluíndo aqueles nos que a acreditación corresponde ó Concello, que o fará de oficio, sempre que o aspirante alegue o mérito na súa instancia-, presentaranse en impreso normalizado que se encontrará a disposición dos interesados na Oficina de Información e irán dirixidas ó Ilmo. Sr. alcalde.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a partir da publicación do Anuncio no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa exposición no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Rematando o citado prazo, e previamente ó inicio das valoracións pola Comisión, expóranse no Taboleiro de Edictos a lista de admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, para que os interesados poidan promover as reclamacións pertinentes no prazo de 4 días hábiles, as que serán resoltas no mesmo prazo.

Concluídas as valoracións, publicarase a lista provisional de aspirantes por orde de puntuación no taboleiro de Edictos da Casa do Concello, conferíndose audiencia ós interesados e dándoselles vista do expediente para que no prazo de 4 días hábiles efectúen as alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas motivadamente pola Comisión en igual prazo.

Resoltas as reclamacións, se as houbera e, en caso contrario, rematado o prazo dos 4 días, a Comisión de Valoración elevará a lista definitiva propoñendo ó Concello os nomeamentos para os postos dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, e a súa proposta será vinculante.

O prazo máximo para a resolución do concurso será dun mes e o seu resultado publicarase da mesma forma que a convocatoria.

Sétimo : Forma de presentación da documentación.

Os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá aportar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia compulsada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

A Comisión poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos soamente alegados.

Como excepción se o mérito que se alega é ter prestados servizos no Concello de Vigo, bastará con face-lo constar en declaración xurada que se achegará xunto coa solicitude e na que figure a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ó Concello e o departamento, servizo ou unidade na que

se prestaron. No caso contrario deberá achega-la correspondente certificación dos servicios prestados por parte do aspirante.

Oitavo : Remoción do posto de traballo.

Os candidatos nomeados podarán ser removidos dos seus postos por causas sobrevidas, derivadas dunha alteración no contido do posto, realizada a través da relación de postos de traballo, que modifique os supostos que serviron de base á convocatoria, ou dunha falta de capacidade para o seu desempeño manifestada por un rendemento insuficiente que non comporte inhibición e que lle impida realizar con eficacia as funcións atribuídas ó posto,

Previamente á resolución, conferirase trámite de audiencia ó interesado e ó Comité de Persoal por un prazo de 10 días hábiles.

Os funcionarios removidos asignaráselle un destino provisional ata a celebración do seguinte Concurso de Traslados.

Noveno: prazo de toma de posesión: será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade que a do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servicio activo do/a funcionario/a. Este prazo empezará a contar a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá producirse dentro dos cinco días hábiles seguintes ó da publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Se a resolución comporta o reingreso ó servicio activo do funcionario/a, o prazo de toma de posesión comenza a contar dende o día seguinte ó da publicación da resolución.

Décimo: Recursos: Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a Xunta de Goberno local, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no BOP, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na lei 29 / 98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa .

41(698).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE DA RÚA PRACER Nº 27. EXPTE. 3711/411.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 11.05.04, do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado no asunto, resultan relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

FEITOS:

- 1) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión celebrada o 3 de xaneiro de 1.997 acordou aprobar inicialmente o estudio de detalle da rúa Pracer núm. 27, someter o expediente a información pública e informar a d. Alberto González Sáez que xuntamente coa aprobación definitiva deste expediente deberá presentar un proxecto de obras ordinarias do calello lindante co solar que executará á súa costa e que as taxas municipais por concesión de licencia de obras serán obxecto dun aumento do 50% polo exceso do volume determinado polo tratamento de medianeiras.
- 2) O Pleno do Concello, en sesión de 9 de setembro de 1997, acordou aprobar definitivamente o estudio de detalle da rúa Pracer núm. 27 conforme á documentación presentada por D. Alberto González Sáez, ratificada pola entidade "Proneiras, S.L.", elaborada polos arquitectos Sres. Pereito e Ramilo, visado polo COAG o día 14 de outubro de 1996.
- 3) Por escritura pública de data de 16 de xullo de 2001 outorgada ante o Notario don Ramón Mucientes Silva, co número 47 do seu protocolo, don IGNACIO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, en nome e representación de PRADAVILA, S.L., segregou e cedeu gratuitamente ó Concello de Vigo, en pleno dominio e libre de cargas un terreo inedificable, destinado a vial, ó que corresponden os números 21, 23, e 25 da rúa Pracer, da superficie de 53,5 m², que linda ó Norte, caleixón do Pracer; sur, resto da finca matiz; este, edificio número 29 da rúa Pracer; e Oeste, rúa Pracer.
- 4) Con rexistro de entrada de data de 8 de agosto de 2.003 e número de documento 30069220, PRADAVILA, S.L., solicita a recepción das obras de pavimentación e alumado do caleixón sito na rúa Pracer entre os edificios número 21 e 27.
- 5) Con data de 22 de abril de 2.004 o Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras informa que

"Con data 08/08/2003 don Ignacio Fernández Álvarez, en nome e representación de PRADAVILA, S.L., empresa propietaria dos terreos e promotora da edificación denominada "Rúa Pracer nº 27", mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción das obras de cesión previstas no "ESTUDIO DE DETALLE RÚA PRACER Nº 27", aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 09/09/1997.

Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- Plano da recepción da zona de recepción solicitada.
- Acta de recepción das obras por parte da Propiedade conformada pola Empresa promotora, a empresa constructora e a dirección facultativa das obras.
- Certificación do Técnico Director das obras no sentido de que as obras se axustan ao proxecto de urbanización aprobado cos materiais e normas habituais deste Concello.
- Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ao Concello.

En orde á recepción definitiva das obras de urbanización agora solicitadas, foron inspeccionadas e solicitados os correspondentes informes ao servizo de Electromecánicos e aos servizos técnicos de Aqualia empresa concesionaria dos servizos de abastecemento e saneamento de auga, cos seguintes resultados:

En data 21/04/2004 o enxeñeiro técnico do servizo de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras están correctamente executadas salvo vicios acochados. Aínda que o pavimento existente non coincide exactamente co proxectado, ditas modificacións foron aprobadas mediante informe técnico en data 10/04/2003 polo enxeñeiro técnico de obras públicas da Xerencia de Urbanismo, indicando que os cambios introducidos durante as obras son razoables e supoñen unha mellora con respecto ás previsións iniciais.

Con data 30/12/2003 o Servizo de Electromecánicos informa que a instalación cumpre coa normativa vixente.

Con data 26/01/2004 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia informa que tanto as redes de saneamento como de abastecemento non sufriron modificacións na rede existente previa á construción do novo edificio. Este informe foi complementado en data 26/04/2004 corrixindo a indicación do colector ao que verten as augas fecais, sendo este o que discorre pola rúa Pracer e non o da rúa Progreso.

Polo exposto somete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte

PROPOSTA:

1. Aproba-la recepción das obras de urbanización descritas no "ESTUDIO DE DETALLE RÚA PRACER Nº 27" no ámbito delimitado no plano da zona de recepción solicitada, o cal se achega.
Dar traslado deste acordo aos seguintes servizos municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e Aqualia."
- 6) Con data de 29 de abril de 2.004, o Enxeñeiro técnico de obras públicas informou que "las obras cuya recepción se propone, coinciden con las contenidas en el Estudio de Detalle Rúa Pracer nº 27 (Exp-3711/411), por lo que no existe inconveniente urbanístico para ello".

A estes feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC). En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes favorables do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras e do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo procede a recepción parcial das obras de urbanización, por canto se trata dun acto regrado que a Administración non pode evitar se se lle ofrecen as obras nas debidas condicións.

III. Rexerán, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e os demais preceptos que resulten de aplicación. Asemade no apartado 3.2.3.4.g) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993 establécese igual período de garantía cunha duración mínima dun ano, contado a partires da recepción. A devolución da garantía non procede ata a finalización deste período de garantía e, sempre e cando medie informe técnico favorable sobre o estado das obras.

IV. En canto á conservación das obras de urbanización, tal e como recolle o artigo 167.1 do RC durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ó previsto nos pregos e ás instrucións que dese o director da obra.

V. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En consecuencia proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe proposta, acorda:

Primeiro: Aprobar a recepción das obras realizadas en execución do ESTUDIO DE DETALLE RÚA PRACER N° 27, á que se refiren os informes do Sr. Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras de 22/04/2004 e do Enxeñeiro Técnico de Obras públicas de 29/04/04, transcritos na parte expositiva.

Segundo: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Terceiro: Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenza de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria AQUALIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.

42(699).- RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN NOS CAMIÑOS DE FONTE E PERTEGUEIRAS, CONTEMPLADAS NO PROXECTO DE URBANIZAICÓN DO PP "FINCA SOLITA". EXPTE. 4370/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 11.05.04, do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado no asunto, resultan relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

FEITOS:

- 1) *O Pleno do Concello en sesión de 25 de febreiro de 2002 acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial "B SUP PP 1 Finca Solita", publicado no BOP nº 61, de 01/04/2002.*
- 2) *O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 30 de xaneiro de 2.003 acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do Plan Parcial 1 "Finca Solita" promovido pola entidade mercantil "Metrovacesa de Viviendas, S.L.", redactado polos arquitectos Pedro Alonso Fernández, Francisco Castro Nieto, Arturo Dapena Barros, e polo enxeñeiro Alberto Moreno García, visado no 07/06/2002, con cálculos eléctricos e luminotécnicos do 24/07/2002 (expte. 4370/401). Os anuncios foron publicados no BOP nº 34 de 19/02/2003 e no DOG nº 49 de 11/03/2003.*
- 3) *Con rexistro de entrada de data de 13 de abril de 2004 e número de documento 40036880, dona SOFÍA BERNÁRDEZ JUNCAL, en nome e representación de METROVACESA S.A., solicitou a recepción parcial das obras de asfaltado e reparacións de cunetas no tramo dos camiños Pertegueiras e Fonte afectados polas obras de urbanización do Plan Parcial B SUP PP-1.*
- 4) *Con data de 5 de maio de 2.004 o Sr. enxeñeiro xefe de vías e obras informa que "O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou a aprobación definitiva do proxecto de Urbanización do Plan Parcial "Finca Solita" en Alcabre.*

O dito proxecto de urbanización contempla a execución d un colector para desauga-las augas pluviais, das cales a súa traza discorre polos camiños da Fonte e Pertegueiras, fóra do ámbito do Plan Parcial.

O colector foi executado ampliándose a reposición do firme dos camiños inicialmente prevista no proxecto, á totalidade da anchura dos mesmos, por mor de que as dimensións dos sobreanchos que quedaban sen tratar coa reposición prevista, así o recomendaban.

Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral en data de 13 de abril de 2004, METROVACESA, S.A., solicita a recepción parcial da pavimentación descrita.

Feita a inspección dos traballos de pavimentación, puidose comprobar a axeitada execución dos mesmos, salvo vicios ocultos.

Enténdese que as obras feitas no relativo exclusivamente á pavimentación dos camiños (non ó colector implantado, todavía fóra de servizo, e que será obxecto dunha posterior recepción) poden ser entregados ó uso público e polo tanto, ser unha parte da obra susceptible de ser parcialmente recibida.

Polo exposto sométese á consideración do Consello desa Xerencia Municipal de Urbanismo a seguinte:

PROPOSTA:

- 1º. Recibir parcialmente as obras de pavimentación feitas nos camiños da Fonte e Pertegueiras por mor da reposición do firme trala implantación do colector de pluviais contemplado no proxecto de urbanización do Plan Parcial "Finca Solita" en Alcabre.*
 - 2º. Queda expresamente excluída a recepción do colector descrito, que será obxecto dunha posterior recepción, previos os trámites que para a mesma se requiran.*
 - 3º. Noticiar o presente acordo a Metrovacesa, S.A., así como ós servicios Municipais de Patrimonio, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Vías e Obras, Licencia de Obras e Aqualia."*
- 5) Con data de 6 de maio de 2.004, o Enxeñeiro técnico de obras públicas informou que "las obras están recogidas en el Proyecto de Urbanización del Plan Parcial Finca Solita (Exp. 4370/401) aprobado definitivamente el 30/01/03, aún cuando por exigencias municipales se han aplicado a la totalidad del trazado de los caminos por donde discurre el colector./ El motivo de esta recepción es el de contar con el plazo de garantía de esta reposición, a partir del momento en que se han terminado las obras, y los caminos han sido abiertos al tráfico rodado".*

A estes feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC). En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes favorables do Enxeñeiro Xefe do Servicio de Vías e Obras e do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo procede a recepción parcial das obras de urbanización, por canto se trata dun acto regrado que a Adminsitración non pode evitar se se lle ofrecen as obras nas debidas condicións.

III. En canto á recepción parcial das obras de urbanización, esta procede á vista dos informes obrantes no expediente e en aplicación dos artigos 147.5 do TRLCAP, segundo o cal poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ó uso público, segundo o establecido no contrato.

IV. Rexerán, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e os demais preceptos que resulten de aplicación. Asemade no apartado 3.2.3.4.g) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993 establécese igual período de garantía cunha duración mínima dun

ano, contado a partires da recepción. A devolución da garantía non procede ata a finalización deste período de garantía e, sempre e cando medie informe técnico favorable sobre o estado das obras.

V. En canto á conservación das obras de urbanización, tal e como recolle o artigo 167.1 do RC durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ó previsto nos pregos e ás instrucións que dese o director da obra.

VI. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En consecuencia proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe proposta, acorda:

Primeiro: Aprobar a recepción parcial das obras de pavimentación realizadas nos camiños da Fonte e Pertegueiras por mor da reposición do firme trala implantación do colector de pluviais contemplado no proxecto de urbanización do Plan parcial "Finca Solita" en Alcabre. Queda excluída expresamente a recepción do devandito colector.

Segundo: A conservación da superficies á que se refire a presente recepción correrá por conta da promotora ou propiedade durante o prazo de garantía, de acordo co fundamento xurídico IV e V.

Terceiro: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Cuarto: Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenza de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A."

43(700).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE RIAZÓN S.L. CONTRA ACORDO DO CONSELLO DA XERENCIA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE REDOMEIRA. EXPTE. 4412/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 14.05.04, do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 26 de setembro de 2002, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da rúa Redomeira, presentado polas entidades "Oralfi, S.L." e "Ituero Martín, S.L.", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Alberto Moreno García, con visado do colexio profesional do 19 de decembro de 2001, que incorpora, respecto da documentación inicialmente aprobada, as rectificacións derivadas da estimación das alegacións formuladas no período de información pública do expediente que se relacionan no apartado primeiro do dito acordo. Igualmente aprobouse a relación individualizada dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto.

2º.- Este acordo foi recurrido en reposición, en tempo hábil, por parte de D. Venerando Rivas Miranda, en representación de "Riazon, S.L.", con base nos motivos que resumidamente seguen:

-- Non consideración á recorrente como interesada no expediente, a pesar de ser propietaria dos edificios situados na rúa Redomeira, números 3 e 5, esquina rúa Aragón; non inclusión da mesma como titular de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto de urbanización e falta de notificación individual a esta das resolucións dictadas no expediente.

-- Descoñecemento da doutrina sentada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso-administrativo 02/0004197/95, que estimou a impugnación do proxecto de urbanización de Villalaura nunha situación análoga á presente.

-- Que o proxecto de urbanización ten forzosamente que expresa-lo instrumento urbanístico que se utiliza co fin de distribuír equitativamente as cargas e beneficios por razóns do planeamento.

-- Que tal esixencia foi sentada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e observada polo Concello de Vigo no acordo do 27 de abril de 2000, sobre a ampliación da rúa Troncal.

-- Que se estamos ante unha actuación illada en solo urbano, no que resulta imposible a equidistribución, debe recurrirse para distribuír cargas e beneficios á expropiación tal e como parece recoñecer o propio acordo recurrido, polo que debe previamente tramitarse o correspondente expediente expropiatorio e xustifica-los medios necesarios e recursos económicos precisos para levar a cabo a mesma.

-- Que non é posible aprobar un proxecto de urbanización que non poda executarse na súa totalidade por carecer de medios para a súa execución e que tal aprobación implica unha actuación en fraude de Lei.

3º.- Dado traslado do dito recurso ás mercantís "Oralfi, S.L." e "Ituero Martín, S.L.", non se formularon, por estas, no prazo conferido ó efecto, alegacións ó mesmo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- No expediente tramitado para a aprobación do proxecto de urbanización da rúa Redomeira considerouse como titular da finca sinalada co número 5 da dita rúa, afectada polo proxecto e actualmente de propiedade da recurrente, a D. Ignacio Domínguez Bastos, que era o que figuraba, á data da elaboración do proxecto, como propietario do devandito inmueble no Padrón Municipal do Imposto de Bens Inmóbeis. A entidade "Riazón, S.L." foi incluída no referido padrón, como propietaria da parcela sinalada como número 5 da rúa Redomeira, no exercicio 2002, tendo o listado do Padrón do Imposto de Bens Inmóbeis para este exercicio data de 8 de xullo de 2002.

Se ben é certo que a entidade "Riazón, S.L." formulou, con data 25 de maio de 1998, ante esta Administración, unha consulta para a modificación da aliñación da rúa Redomeira na parcela de referencia nin acreditou esta o seu dominio sobre a parcela nin o podía facer pois da escritura pública, aportada pola interesada co recurso, resulta que a adquisición da propiedade da repetida parcela tivo lugar con posterioridade a tramitación do dito expediente de consulta.

En calquera caso, non cabe soste, como afirma a recurrente, que se ten producido a indefensión desta pola falta de notificación á mesma da apertura do trámite de información pública do expediente para aprobación do proxecto de urbanización, toda vez que é doutrina xurisprudencial consolidada a de que a omisión do trámite de audiencia nun procedemento administrativo non constitue vicio invalidante se o interesado ten oportunidade de interpoñer recurso contra a resolución dictada, especialmente se chega a interpoñelo e alega motivos impugnatorios de fondo, como é o caso.

Pódense citar como exemplo as Sentencias do Tribunal Supremo de 16 de xullo de 2002 (Arz. RX 2002\7.098), 18 de decembro de 2002 (Arz. RX 2003\1.228), 3 de abril de 2001 (Arz. RX 2001\3.673), 16 de xaneiro de 2001 (Arz. RX 2001\1.181), 9 de decembro de 1999 (Arz. RX 1999\9.536), 16 de novembro de 1999 (Arz. RX 1999\8.960), 6 de xuño de 1998 (Arz. RX 1998\4.386), 19 de outubro de 1.999 (Arz. RX 1999\7.968) e 16 de novembro de 2001 (Arz. RX 2001\9772), na última das cales sinálase que:

"(...) incluso si la audiencia se considera necesaria por aplicación última de las reglas generales del procedimiento administrativo, la omisión inicial, aparecería subsanada al haberse dado al contratista la posibilidad de hacer cuantas alegaciones hubiera entendido oportunas durante la formulación del recurso".

Igualmente considerou dito máximo Tribunal na súa Sentencia de 5 de novembro de 2001 (Arz. RX 2002\4.100) que:

"(...) al no tratarse de un procedimiento sancionador, la falta de audiencia previa debe considerarse subsanada por la posterior interposición de los correspondientes recursos en vía administrativa y jurisdiccional y que el principio de economía procesal hace improcedente la retroacción de actuaciones. La omisión del trámite de audiencia debe considerarse, en suma, una irregularidad no invalidante o suficientemente convalidada por las actuaciones posteriores."

Finalmente, na súa Sentencia de 6 de xuño de 1998 (Arz. RX 1998\4.386), o Tribunal Supremo confirmou a validez da resolución impugnada dado que:

"La parte apelante (...) pudo ejercitar y ejercitó el correspondiente recurso de reposición y posteriormente la vía jurisdiccional, en la que tuvo oportunidad y así lo realizó, de formular todos los alegatos y consideraciones pertinentes sobre la legalidad de lo acordado administrativamente con perfecta observancia en tales procedimientos del principio de contradicción procesal".

Non pode apreciarse, xa que logo, a indefensión que invoca a recurrente ó terse presentado por esta o recurso de reposición que nos ocupa, no que alega motivos impugnatorios de fondo que atinxen ó contido sustantivo do proxecto de urbanización e que son obxecto de exame e resolución no presente acordo. Motivos de fondo que de terse formulado no trámite de información pública do expediente de aprobación do proxecto de urbanización tiveran a mesma resposta que a que acadan nesta resolución, razón pola que, en aplicación dos principios de congruencia e economía procesal, pásase ó exame dos mesmos, toda vez que a mera retroacción de actuacións administrativas, con nova práctica de notificacións, conduciría a idéntico resultado.

II.- A rúa Redomeira e os inmobles con fronte a mesma --no que se inclue o da recurrente-- emprazanse nun ámbito de solo urbano que, de conformidade coas disposicións transitorias segunda 1) LSG/97 e primeira 1. b) LOUGA, procede cualificar como consolidado.

De acordo cos artigos 70 LSG/97 e, máis claramente, 19. a) LOUGA, os propietarios de terreos en solo urbano consolidado deberán completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os mesmos alcancen, se aínda non a tiveren, a condición d solar e, a tal efecto, costea-los gastos de urbanización precisos para completa-los servicios urbanos, regulariza-las vías públicas, executa-las obras necesarias para conectar coas redes de servicios e viaria en funcionamento e ceder gratuitamente ó municipio ós terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento.

En congruencia cos ditos preceptos, e para posibilita-lo cumprimento das obrigas dos propietarios de solo urbano consolidado na rúa Redomeira que permita a edificación das súas parcelas conforme ás determinacións do Plan Xeral, o Concello de Vigo, con data 26 de setembro de 2002, aprobou o proxecto de urbanización da rúa Redomeira, ó que se teran que axustar os ditos propietarios para completa-los servicios urbanos, regulariza-la vía pública e conectar coas redes de servicios, no momento da edificación das súas respectivas parcelas.

Deste xeito, a aprobación do presente proxecto de urbanización non implicou a aprobación da execución do proxecto por esta Administración municipal --caso no que, efectivamente, debería levar consigo as oportunas previsións de obtención dos terreos de propiedade privada necesarios a tal fin-- senón, exclusivamente, a aprobación das determinacións a que deberán axustarse as obras de complitude dos servicios urbanos e do vial obxecto do mesmo. Obras, que --repetimos-- deberán ser executadas polos propietarios das distintas parcelas afectadas con ocasión do cumprimento da súa obriga de completar, pola súa conta, a urbanización necesaria para que as mesmas alcancen a condición de solar e de ceder gratuitamente ó Municipio os terreos afectados polo vial, fora da aliñación fixada polo planeamento, con caracter previo ou simultaneo á edificación ou reedificación das respectivas parcelas.

Agora ben, podería darse o caso --que, efectivamente, concurre na recurrente-- de que algunha das parcelas privadas se atopase de tal xeito afectada pola aliñación que resultase inedificable. Neste suposto, de acordo cos artigos 153. 2 LSG/97 e 167 LOUGA, a Administración municipal deberá proceder á adquisición da parcela, ben por expropiación forzosa, ben a través da ocupación directa na LSG/97, xa por convenio ou permuta forzosa de acordo coa LOUGA.

Con todo, tanto para o caso de que esta Administración municipal decidise, por apreciar razóns de urxencia na regularización da rúa, acometer, pola súa conta, a completa execución do proxecto de urbanización da mesma, como para supostos como o que acabamos de ver, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, no acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización, aprobou a relación individualizada de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto "a efectos --dise no acordo de aprobación inicial-- do procedemento de expropiación que, no seu caso, se incoe para a execución do vial". Tal previsión, lexos de implicar a aprobación da iniciación dun procedemento expropiatorio para a completa execución do vial, ven a confirmar canto vimos de dicir.

III.- Non obstante o dito, e tal e como xa adiantábase, para o caso de que a aliñación do vial afecte de tal xeito a unha determinada parcela que provoque a súa práctica desaparición como finca edificable --caso no que se atopa a parcela do recurrente-- sí haberá de recurrirse a un dos procedementos previstos na Lei para a obtención de dotacións locais, que ben poderá ser o de expropiación forzosa. Pero, tal expropiación forzosa non ten por que ter lugar coa aprobación do proxecto de urbanización, toda vez que, segundo o xa dito, non é o Concello o obrigado a executar-lo proxecto, ó tratarse --insistimos-- dun solo urbano consolidado, nin asume esta obriga coa aprobación do mesmo; asunción de obriga que sí determinaría a necesidade de obter previamente a execución da obra os terreos afectados pola mesma.

¿Cando, entón, ten de producirse esta expropiación? A Lei do solo de Galicia de 1997 non fixaba á Administración un prazo máximo para que por esta se procedese a expropiación dos solos destinados a dotacións locais que non deban ser obxecto de cesión obrigatoria por non ser posible a xusta distribución de beneficios e cargas. É a vixente LOUGA a que veu encher esta lagoa ó dispoñer no seu artigo 99 que: "Cando transcorran cinco anos dende a entrada en vigor do Plan sen que se leve a efecto a expropiación dos terreos que estean destinados a sistemas xerais ou dotacións públicas locais que non deban ser obxecto de cesión obrigatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficios e cargas, o titular dos bens advertirá á administración do seu propósito de iniciar o expediente de prezo xusto, que poderá levarse a cabo por ministerio da Lei se transcorren outros dous anos dende o momento de efectuar a advertencia.

Para iso, o propietario poderá presentar a correspondente folla de aprecio, e, se transcorresen tres meses sen que a administración a acepte, poderá aquel dirixirse ó Xurado de Expropiación de Galicia, que fixará o prezo xusto."

É, pois, cando o Concello xulgue indispensable a execución da regularización do viario neste punto da rúa e, en todo caso, dentro do prazo sinalado no artigo 99 LOUGA, e non necesariamente coa aprobación do proxecto de urbanización da rúa Redomeira, cando deberá ter lugar a adquisición polo Concello de Vigo do ben dotacional que nos ocupa, mediante a expropiación e pago do seu prezo xusto ou mediante calquer outro dos procedementos previstos para a adquisición das dotacións locais.

IV.- Non resulta aplicable ó presente caso a doutrina sentada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na sentenza dictada no recurso contencioso-administrativo número 02/4197/1993. A dita sentenza refírese á aprobación dun proxecto de urbanización no polígono "Villalaura", esto é, refírese a unha

actuación sistemática en solo urbano non consolidado e non a unha actuación aislada en solo urbano consolidado como a que é obxecto deste recurso. O Concello aprobara no seu día este proxecto e a súa execución pola Xunta de Compensación do polígono, pero, como queira cunha pequena parte do vial que se autorizaba executar emprazábase fora do polígono e, xa que logo, non podía ser obxecto de compensación no proxecto de equidistribución do mesmo, resultaba necesario que, con carácter previo a completa execución do vial, que se autorizaba á Xunta de Compensación, se obtivese por expropiación, convenio ou ocupación directa o terreo situado fora do polígono.

V.- O sistema de actuación para a equidistribución de beneficios e cargas é unha determinación propia da figura de planeamento de que se trate, que haberá de referirse sempre ó solo urbano non consolidado ou ó solo urbanizable. Tratándose de solo urbano consolidado non procede falar de sistemas de equidistribución como determinación propia do Plan Xeral nin da fixación daquel como determinación necesaria dos proxectos de urbanización en solo urbano consolidado. Así o reconece a recurrente no apartado quinto das súas alegacións en contradición co anteriormente afirmado no seu apartado terceiro.

VI.- Polo que respecta á ampliación da rúa Troncal cabe contestar que o suposto invocado tampouco garda relación co que nos ocupa: a rúa Troncal é un vial incluído nun ámbito de ordenación de solo urbanizable programado (PAU TRONCAL). Dito vial está perfectamente definido no Plan Xeral e presta servizo de acceso a outras parcelas que dan, tamén, fronte a este pero que se emprazan en solo urbano consolidado, fora do devandito ámbito de ordenación, por contar, por outras rúas, cos servizos urbanísticos que as convirten en solares. Pois ben, para completar todos os servizos urbanísticos destes solares situados fora do PAU "Troncal" convíñose cos propietarios dos terreos afectados pola dita rúa a adquisición anticipada dos mesmos a cambio do recoñecemento a aqueles, na figura de planeamento e de equidistribución que no seu día se aprobe para a ordenación e execución do planeamento neste ámbito, dos dereitos que lles terían correspondido se tal cesión non se tivese realizado. A execución do vial foi realizada pola mercantil CARREFOUR, como propietaria dun dos solares colindantes a que nos vimos de referir, a virtude de convenio e con base en que as aliñacións e rasantes do dito vial estaban definidas no PXOU e deberían ser respetadas polo Plan Parcial que no seu día se aprobe para a ordenación do ámbito.

Estamos en presenza, pois, da obtención anticipada, por convenio, de terreos destinados a vial incluídos nun ámbito de actuación sistemática e execución anticipada do vial, perfectamente definido no Plan Xeral, por un particular a virtude da asunción da obriga del tal execución, tamén, por convenio.

VII.- En definitiva, a aprobación do proxecto de urbanización da rúa Redomeira non so non implica un fraude de Lei senón que constitúe un acto necesario para que os propietarios das parcelas con fronte a rúa Redomeira podan cumprir as obrigas que a Lei lles impón para poder edifica-los seus solares.

VIII.- En conclusión:

-- Ó tratarse dun solo urbano consolidado é obrigación dos propietarios privados, e non do Concello, a execución das obras de complitude dos servizos urbanísticos e regularización do viario, coas cesións pertinentes dos terreos situados fora da aliñación, con carácter previo ou simultáneo á edificación dos solares con acceso pola rúa Redomeira.

-- A aprobación do proxecto de urbanización da rúa polo Concello preséntase, así, como imprescindible para que os propietarios podan cumprir-las anteriores obrigas, que o deberán ser de acordo coas determinacións do proxecto aprobado.

-- Sendo obriga dos propietarios a realización das ditas obras --a execución das cales haberá de ter lugar por estos dentro dos prazos máximos que se sinalen para a edificación-- o Consello da Xerencia aproba o proxecto, pero non a súa execución a costa do Concello.

-- Non obstante, para o caso de que esta Administración municipal decidise, por apreciar razóns de urxencia na regularización da rúa, acometer, pola súa conta, a completa execución do proxecto de urbanización o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, no acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización, aprobou a relación individualizada de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto, a efectos, tal e como se recolle no acordo de aprobación inicial, do procedemento de expropiación que, no seu caso, se incoe para a execución do vial.

-- Con todo, resultando a parcela da recurrente afectada pola aliñación da rúa Redomeira de xeito tal que provoca a súa practica desaparición como finca edificable sí haberá de recurrirse a expropiación forzosa --ou a calquera dos procedementos previstos na Lei para a obtención das dotacións locais--. Pero, tal expropiación non ten por que ter lugar necesariamente coa aprobación do proxecto de urbanización senón cando a Administración o xulgue necesario e, en todo caso, dentro dos prazos fixados no artigo 99 LOUGA.

-- Os supostos de feito a que se refire a doutrina xurisprudencial e administrativa invocada pola recurrente non garda relación co que nos ocupa.

-- A aprobación do proxecto de urbanización da rúa Redomeira non constitúe ningún fraude de Lei e, sen prexuízo de que a Administración deba proceder a adquisición da parcela da recurrente en canto afectada por unha dotación local, sexa por expropiación, convenio ou ocupación directa, o proxecto de urbanización aprobado non é nulo por non contempla-la consignación presupostaria precisa para proceder a dita adquisición por expropiación.

IX.- De conformidade co artigo 116 do LRXPAC é competente para a resolución do presente recurso de reposición o mesmo órgano que o dictou. Non obstante, tra-la entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, LMMGL, o órgano competente será a Xunta de Goberno Local, en canto órgano ó que actualmente corresponde a competencia para dicta-lo acto recorrido.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe proposta, acorda:

Primeiro.- Desestimar, polas razóns que se conteñen na parte expositiva do presente acordo, o recurso de reposición interposto por "Riazón, S.L." contra o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 26 de setembro de 2002, polo que se aprobou definitivamente o proxecto de urbanización da rúa Redomeira, presentado polas entidades "Oralfi, S.L." e "Ituero Martín, S.L.", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Alberto Moreno García, con

visado do colexio profesional do 19 de decembro de 2001, que incorpora, respecto da documentación inicialmente aprobada, as rectificacións derivadas da estimación das alegacións formuladas no período de información pública do expediente que se relacionan no apartado primeiro do dito acordo, así como a relación individualizada dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto.

Segundo.- Notifíquese, en legal forma, o presente acordo ós interesados no expediente.

44(701).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE MARINA FERNÁNDEZ COMESAÑA CONTRA ACORDO DO CONSELLO DA XERENCIA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE REDOMEIRA. EXPTE. 4411/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 14.05.04, do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

1º.- *O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 26 de setembro de 2002, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da rúa Redomeira, presentado polas entidades “Oralfi, S.L.” e “Ituero Martín, S.L.”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Alberto Moreno García, con visado do colexio profesional do 19 de decembro de 2001, que incorpora, respecto da documentación inicialmente aprobada, as rectificacións derivadas da estimación das alegacións formuladas no período de información pública do expediente que se relacionan no apartado primeiro do dito acordo. Igualmente aprobouse a relación individualizada dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto.*

2º.- *Este acordo foi obxecto de recurso de reposición, interposto, en tempo hábil por Dª. Marina e Dª. Mª. Angeles Comesaña Fernández, fundado na incorrección da relación de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto en canto ó inmovible da súa propiedade, que consta de soto, planta baixa e alta e non como se fai constar na dita relación de bens de soto e planta baixa, así como na necesidade de modifica-la mesma relación de bens no sentido de incluír como ben afectado pola execución do proxecto de urbanización a totalidade da edificación das recorrentes, toda vez que a devandita execución comportará a demolición de toda a edificación. Alegan, ademais, que o feito de que a edificación se atope en situación de fora de ordenación determina que nos atopemos ante un suposto previsto no artigo 23 LEF e, polo tanto, resulte procedente a expropiación da parcela íntegra.*

3º.- *Dado traslado do recurso ás mercantís “Oralfi, S.L.” e “Ituero Martín, S.L.”, non se formulou, por estas, no prazo conferido ó efecto, alegación algunha ó mesmo.*

4º.- *O arquitecto técnico municipal, con data 11 de maio de 2004, respecto das alegacións formuladas pola recorrente informou o que segue:*

“Á vista do contido do escrito presentado, DOC nº 288860 e xirada visita de inspección ó nº 24 da rúa Redomeira, o técnico que subscribe informa que sobre a propiedade citada, emprázanse dúas

edificaci3ns ben diferenciadas. Unha situada con fronte 3 r3a Redomeira e a outra con fronte 3 cami3o de enlace da r3a Redomeira coa Avda do Aeroporto. Ambas edificaci3ns x3ntanse polas s3as fachadas posteriores, non sendo posible acreditar si as mesmas encontranse unidas inteiramente

A situada con fronte 3 r3a Redomeira, e afectada en parte polas ali3naci3ns consta de planta baixa e planta de piso dende a rasante da r3a.

A segunda edificaci3n consta as3 mesmo de planta baixa e planta de piso dende a rasante do cami3o.

Consultada a escritura de propiedade aportada, na mesma figura unha edificaci3n de planta baixa e planta de piso e non de tres plantas como figura no escrito presentado.

En canto 3 relaci3n de bens e dereitos que figuran no proxecto de urbanizaci3n, tratase exclusivamente dunha mera relaci3n de propietarios e propiedades afectados, no habendose iniciado por parte do Concello expediente de expropiaci3n dos citados bens. No caso de iniciar por parte do Concello o expediente expropiatorio e co levantamento das actas de ocupaci3n, os propietarios poder3n alegar o que estimen oportuno."

CONSIDERACI3NS XUR3DICAS

I.- A alegaci3n de feito formulada polas recurrentes sobre n3mero de plantas da edificaci3n afectada pola regularizaci3n das ali3naci3ns da r3a Redomeira non pode ser acollida 3 vista do informe t3cnico transcrito nos antecedentes.

II.- A r3a Redomeira e os inmobles con fronte a mesma --no que se inclue o da recurrente-- emprazanse nun 3mbito de solo urbano que, de conformidade coas disposici3ns transitorias segunda 1) LSG/97 e primeira 1. b) LOUGA, procede cualificar como consolidado.

De acordo cos artigos 70 LSG/97 e, m3is claramente, 19. a) LOUGA, os propietarios de terreos en solo urbano consolidado deber3n completar pola s3a conta a urbanizaci3n necesaria para que os mesmos alcancen, se a3nda non a tiveren, a condici3n de solar e, a tal efecto, costea-los gastos de urbanizaci3n precisos para completa-los servicios urbanos, regulariza-las v3as p3blicas, executa-las obras necesarias para conectar coas redes de servicios e viaria en funcionamento e ceder gratuitamente 3 municipio 3s terreos destinados a v3ais fora das ali3naci3ns establecidas no planeamento.

En congruencia cos ditos preceptos, e para posibilita-lo cumprimento das obrigas dos propietarios de solo urbano consolidado na r3a Redomeira que permita a edificaci3n das s3as parcelas conforme 3s determinaci3ns do Plan Xeral, o Concello de Vigo, con data 26 de setembro de 2002, aprobou o proxecto de urbanizaci3n da r3a Redomeira, 3 que se teran que axustar os ditos propietarios para completa-los servicios urbanos, regulariza-la v3a p3blica e conectar coas redes de servicios, no momento da edificaci3n ou reedificaci3n das s3as respectivas parcelas.

Deste xeito, a aprobaci3n do proxecto de urbanizaci3n non implicou a aprobaci3n da execuci3n do proxecto por esta Administraci3n municipal sen3n, exclusivamente, a aprobaci3n das determinaci3ns a que deber3n axustarse as obras de complitude dos servicios urbanos e do vial obxecto do mesmo. Obras, que deber3n ser executadas polos propietarios das distintas parcelas afectadas con ocasi3n do cumprimento da s3a obriga de completar, pola s3a conta, a urbanizaci3n necesaria para que as mesmas alcancen a condici3n de solar e de ceder gratuitamente 3 Municipio os terreos afectados polo vial, fora da ali3naci3n fixada polo planeamento, con caracter previo ou simultaneo 3 edificaci3n ou reedificaci3n das respectivas parcelas.

Non obstante, para o caso de que esta Administración municipal decidise, por apreciar razóns de urxencia na regularización da rúa, acometer, pola súa conta, a completa execución do proxecto de urbanización da mesma, no acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización, aprobouse a relación individualizada de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto "a efectos --dise no acordo de aprobación inicial-- do procedemento de expropiación que, no seu caso, se incoe para a execución do vial". Pero, tal previsión, tal e como figura recollida, non implica a aprobación da iniciación dun procedemento expropiatorio para a completa execución do vial.

De acordo con esto, a necesidade de expropiación da totalidade da parcela deberá ser resolta no procedemento de expropiación que, no seu caso, se poda iniciar para o caso de que esta Administración municipal decidise, por apreciar razóns de urxencia na regularización da rúa, acometer, pola súa conta, a completa execución do proxecto de urbanización da mesma.

III.- Non obstante o dito, para o caso de que a aliñación do vial afectase de tal xeito a parcela das recurrentes que provoque a súa práctica desaparición como finca edificable habería de recurrirse, tamén, a un dos procedementos previstos na Lei para a obtención de dotacións locais, que ben poderá ser o de expropiación forzosa. Pero, tal expropiación forzosa non tería por que iniciarse coa aprobación do proxecto de urbanización, toda vez que, segundo o xa dito, non é o Concello o obrigado a executa-lo proxecto, ó tratarse dun solo urbano consolidado, nin asume esta obriga coa aprobación do mesmo; asunción de obriga que sí determinaría a necesidade de obter previamente a execución da obra os terreos afectados pola mesma.

En canto o prazo para proceder, no seu caso, a esta eventual expropiación, a Lei do solo de Galicia de 1997 non fixaba á Administración un prazo máximo para que por esta se procedese a expropiación dos solos destinados a dotacións locais que non deban ser obxecto de cesión obrigatoria por non ser posible a xusta distribución de beneficios e cargas. É a vixente LOUGA a que veu encher esta lagoa ó dispoñer no seu artigo 99 que:

“Cando transcorran cinco anos dende a entrada en vigor do Plan sen que se leve a efecto a expropiación dos terreos que estean destinados a sistemas xerais ou dotacións públicas locais que non deban ser obxecto de cesión obrigatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficios e cargas, o titular dos bens advertirá á administración do seu propósito de iniciar o expediente de prezo xusto, que poderá levarse a cabo por ministerio da Lei se transcorren outros dous anos dende o momento de efectuar a advertencia.

Para iso, o propietario poderá presentar a correspondente folla de aprecio, e, se transcorresen tres meses sen que a administración a acepte, poderá aquel dirixirse ó Xurado de Expropiación de Galicia, que fixará o prezo xusto.”

É, pois, cando o Concello xulgue indispensable a execución da regularización do viario neste punto da rúa e, en todo caso, dentro do prazo sinalado no artigo 99 LOUGA, cando deberá ter lugar a adquisición polo Concello de Vigo do ben dotacional que nos ocupa, se este resultare inedificable a consecuencia das aliñacións fixadas á rúa Redomeira nese concreto fronte de parcela, mediante a expropiación e pago do seu prezo xusto ou a través de calquera outro dos procedementos previstos para a adquisición das dotacións locais.

IV.- De acordo co artigo 41. 2 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre rexime do solo e valoracións: "As situacións de fora de ordenación surxidas polo cambio de planeamento non serán indemnizables, a excepción do previsto no apartado anterior (indemnizacións por redución do planeamento)".

A falta de acreditación da redución do aproveitamento urbanístico na parcela que nos ocupa como consecuencia da modificación do planeamento operada polo PXOU de 1993, nas condicións sinaladas no parágrafo primeiro do artigo citado, que as recurrentes non invocan, a mera situación de fora de ordenación non provoca por si sola dereitos indemnizatorios.

IV.- De conformidade co artigo 116 do LRPAC é competente para a resolución do presente recurso de reposición o mesmo órgano que o dictou. Non obstante, tra-la entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, LMMGL, o órgano competente será a Xunta de Goberno Local, en canto órgano ó que actualmente corresponde a competencia para dicta-lo acto recorrido.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe proposta, acorda:

Primeiro.- Desestimar, polas razóns que se conteñen na parte expositiva do presente acordo, o recurso de reposición interposto por D^a. Marina e D^a. M^a. Angeles Comesaña Fernández contra o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 26 de setembro de 2002, polo que se aprobou definitivamente o proxecto de urbanización da rúa Redomeira, presentado polas entidades "Oralfi, S.L." e "Ituero Martín, S.L.", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Alberto Moreno García, con visado do colexio profesional do 19 de decembro de 2001, que incorpora, respecto da documentación inicialmente aprobada, as rectificacións derivadas da estimación das alegacións formuladas no período de información pública do expediente que se relacionan no apartado primeiro do dito acordo, así como a relación individualizada dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto.

Segundo.- Notifíquese, en legal forma, o presente acordo ós interesados no expediente.

45(702).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes remitidos por Intervención Xeral a Xunta de Goberno acorda aproba-la seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAV.
------	--------	---------	-----------	----------	--------

AGUIAR CASTRO YOLANDA	200400001309	13.500,00	11.250,00	2.250,00	
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	200400018415	2.000,00	1.999,31	0,69	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAV.
ESPADA RE CAREY LUIS	200400004877	500,00	404,99	95,01	
ESTRADA IBAÑEZ SONIA	200400016945	98,28	98,28		
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	200400022705	140,00	137,38	2,62	
GONZALEZ UCHA JOSE MANUEL	200400003274	120,00	94,49	25,51	
GUARNER GONZALEZ BERTA	200400004878	66,00	33,00	33,00	
IGLESIAS CARRERA JOSE MANUEL	200400020856	500,00	271,19	228,81	
“	200400020857	800,00	445,79	354,21	
LOPEZ PIÑEIRO MARIA PILAR	200400003689	1.200,00	1.198,10	1,90	
“	200400003688	100,00	11,28	88,72	
OJEA PEREZ RAFAEL	200400016369	2.163,00	2.163,00		
RIBERA LOPEZ DEOLINDA	200400003284	191,81	191,81		
RIESGO BOLUDA JOSE	200400020983	98,28	98,28		
ROCHA PARAMES CESAREO	200400016366	300,00	307,79		7,79
RODRIGUEZ PEREZ ANTONIO	200400021788	85,95	73,58	12,37	
“	200400021787	75,60	90,28		14,68
“	200400021786	504,06	504,60		
SANLUIS COSTAS AVELINO	200400018698	4.440,00	4.440,00		
THOMAS BERBEN MARIA JOSE	200400022904	100,00	100,00		
VEGA ANDION OSCAR MIGUEL	200400019996	425,00	360,92	64,08	
“	200400019990	550,00	550,00		
“	20040001998	305,01	305,01		
TOTAL			25.129,08		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

46(7033).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA NOITES VIVAS PARA O ANO 2004. Expte. 1053/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23.04.04, a conformidade da interventora xeral e de acordo coa proposta da xefa do Servizo de Xuventude do 19.06.04, conformada pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis para o desenvolvemento de actividades dentro do Ptorama Noites Vivas para o ano 2004 por importe de 1.800 €.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2004

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Masrtinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn.Avelino Gómez Quirós con D.N.I.36.002.854 como presidente da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS, C.I.F G-.G-36.646.545

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O Concello de Vigo a través da concellería de Xuventude está a desenvolver o programa denominado Noites Vivas, alternativo ó consumo de ocio habitual centrado en bares e discotecas.

A posta en marcha de forma experimental durante o ano 1.999, cunha oferta de actividades novedosas, afianzou a posibilidade de apertura de centros públicos, como os pavillóns deportivos, durante determinadas horas da noite e madrugada.

Coa posta en marcha deste proxecto non se pretende modifica-los hábitos dos xoves, sinon buscar alternativas e novas opcións ó ocio, para alonxarse do aburrimiento e rutina, propoñendo para elo actividades culturais, recreativas e de ocio en centros alternativos.

Seguindo os pasos de cidades como Gijón, pioneiras na implantación de programas deste tipo, consideramos necesario a colaboración do tecido asociativo en determinadas zonas da cidade como poden ser: Teis, Casco Vello, Coia, zona Centro e zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude.

Así e no caso concreto da zona de Teis, e en concreto no Centro Cívico, onde é esta asociación quen se encarga de xestionar as actividades de dito centro, sendo polo tanto a entidade coa que cotamos para colaborar no programa Noites Vivas.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL Dr. FLEMING no barrio, consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora en parte do desenvolvemento deste programa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa Noites Vivas, ata o mes de maio do 2004.

B.- Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera a citada asociación como entidade óptima para a súa colaboración na execución do Programa Municipal Noites Vivas, desenvolvendo actividades baixo a dirección e criterios da Concellería de Xuventude.

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude da zona de influencia e dita asociación.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa “Noites Vivas” na zona de influencia da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS que se incorpora a este convenio como ANEXO I

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 1.800 € ,á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS, con cargo á partida 4520.227.06.07, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800127740040010711 EN DOUS PRAZOS: 50% á sinatura do presente convenio e 50% restante á finalización da actividade, previa certificación do cumprimento da mesma.

3.- A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias, así como a avaliación tanto dos participantes como do persoal que realizou as actividades, e a memoria económica da actividade.

O persoal técnico da Concellería de Xuventude xunto coa Asociación Dr. Fleming serán os encargados do seguimento da execución do convenio, sendo a Concellería de Xuventude a que certifique o seu cumprimento.

4.- A Asociación ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación exisida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectua-lo Concello.

5.- A asociación comprométense ó coidado e mantemento das instalacións, deixándolas no seu estado orixinal, sendo súa a responsabilidade derivada do mal uso das mesmas.

6.- A Asociación participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá unha duración ata o 31 de maio do 2004.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver dentro da programación de Noites Vivas na Asociación de Veciños de Teis son as seguintes:

- *Música tradicional*
- *Acceso a internet*
- *Cociña*
- *Cachamba-salsa*
- *Rastro: Intercambio de obxectos e productos*
- *Obradoiro Literario*
- *Xogos de mesa*

Todas estas actividades serán desenvolvidas en horario de 22:30hs a 1:00 os venres, tempo que deberán permanecer abertas ó público as instalacións da asociación, co obxecto de recibir ó público que desexe participar nas actividades programadas.

47(704).- DECLARACIÓN EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVICIOS ESPEICIAS Á FUNCIONARIA Dª LUCIA TRILLO DE MARTÍN PINILLOS. EXPTE. 15080/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 26.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

Declarar en situación administrativa de servicios especiais á funcionaria Dª. LUCIA TRILLO DE MARTÍN PINILLOS con efectos económicos e administrativos a partires do día 1º de xuño de 2004.

A interesada deberá solicita-lo reingreso ó servicio activo, no prazo dun mes a partires da data na que cese na situación que da lugar á declaración de servicios especiais .

O tempo que permaneza na situación de servicios especiais computará a efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos e terá dereito á reserva de praza e destino que ocupase, percibindo as retribucións do posto ou cargo efectivo que desempeñe, agás a percepción dos trienios recoñecidos, que seguirán aboandose con cargo a esta Administración municipal.

A funcionaria causará baixa ós demais efectos retributivos e de seguridade social para con data 1º de xuño de 2004.

No prazo de dez días hábiles a contar dende a recepción do presente acordo, a funcionaria deberá achegar a esta Administración testemuña oficial do seu nomeamento e toma de posesión para o cargo de confianza que motiva a declaración de servicios especiais.

48(705).- ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓN S SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓN S REALIZADAS NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 2254/077.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do 28.05.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

O Goberno municipal, unha vez rematado (o 31/12/03) o periodo de vixencia do Convenio colectivo para o persoal laboral temporal contratado polo Concello de Vigo nos programas de fomento do emprego, asinado

polas centrais sindicais CC.OO, UGT e CIG e o Goberno municipal ao abeiro do Plan Municipal de Emprego 2000-2003, iniciou unha nova rolda de negociación cos axentes sociais, na procura de chegar a un acordo que permitira recoller ordenadamente as condicións socioeconómicas dos distintos colectivos que participan nos programas de emprego municipais, mellorando aqueles aspectos detectados como deficitarios no anterior período. Entre estes aspectos, cómpre destacar:

- A táboa salarial a aplicar (establecida con anterioridade á instauración do “contrato de inserción” como base das subvencións públicas nos programas de emprego, contrato subvencionado só na contía da base mínima de cotización do grupo que se trate) obrigou ao Concello a cofinanciar programas que para outros concellos eran “gratuítos”. Por outra banda, e ante esta situación, probablemente as retribucións desa táboa salarial estiveran demasiado por riba do que sucede no resto do contorno socioeconómico, co que se pode estar producindo un efecto non desexado de desmotivación na incorporación ao mundo do traballo normalizado das persoas desempregadas que participan nos programas municipais de emprego.
- A aplicación indistinta do citado convenio a técnicos-xestores e a beneficiarios dos programas de emprego xerou problemas, fundamentalmente entre os primeiros, ao considerar que, no referido a condicións sociais, non son os mesmos os condicionantes e características das persoas seleccionadas polos seus méritos e capacidade (técnicos/as e xestores), que os das seleccionadas polas súa situación con respecto ao emprego (beneficiarios/as).

En base a estas consideracións e seguindo instrucións da Concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, despois dun proceso de negociación e consulta entre as partes (Goberno municipal e as centrais sindicais CC.OO, UGT e CIG), redactouse o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, que se achega no expediente, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, así como descripción dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado plan. O documento foi sometido a informes por parte do Xefe da Unidade de Persoal e do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o texto do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, que se achega no expediente, para a súa sinatura polo Goberno municipal e os sindicatos CC.OO, UGT e CIG

Consta no expediente informe xurídico favorable, do 28.05.04, emitido polo titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Aproba-lo texto do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, que de seguido se transcribe, para a súa sinatura polo Goberno municipal e os sindicatos CC.OO, UGT e CIG

ACORDO SOBRE AS CONDICIÓNS SOCIOECONÓMICAS DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007

O papel da administración local como empregador, fomentando o emprego en primeira persoa, está refrendado polo feito consolidado de ser a administración receptora da maior parte das subvencións públicas para o fomento do emprego. Así, a maiores da súa plantilla de traballadores/as, realiza contratos de traballo temporais co obxecto de facilitar a incorporación ao mercado laboral normalizado do maior número posible de persoas desempregadas.

O Plan municipal de emprego 2000-2003 continúa, ademais dos programas e proxectos de emprego propiamente ditos, un marco consensuado no que se recollían as condicións sociolaborais das persoas contratadas ao abeiro de calquera deses programas ou proxectos, o Convenio colectivo para o persoal laboral temporal contratado polo Concello de Vigo nos programas de fomento do emprego, asinado entre o goberno municipal e as centrais sindicais Comisións Obreiras, Unión Xeral de Traballadores e Confederación Intersindical Galega. Con vixencia ata o pasado 31/12/03, resulta agora de todo necesario establecer unha nova referencia retributiva que permita, entre outras cousas, estimar os custos totais do desenvolvemento dos contratos laborais dos programas de emprego.

Como reflexións con respecto ao anterior marco retributivo cómpre salientar:

- A táboa salarial a aplicar (establecida con anterioridade á instauración do “contrato de inserción” como base das subvencións públicas nos programas de emprego, contrato subvencionado só na contía da base mínima de cotización do grupo que se trate) obrigou ao Concello a cofinanciar programas que para outros concellos eran “gratuítos”. Por outra banda, e ante esta situación, probablemente as retribucións desa táboa salarial estiveran demasiado por riba do que sucede no resto do contorno socioeconómico, co que se pode estar producindo un efecto non desexado de desmotivación na incorporación ao mundo do traballo normalizado das persoas desempregadas que participan nos programas municipais de emprego.*
- A aplicación indistinta do citado convenio a técnicos-xestores e a beneficiarios dos programas de emprego xerou problemas, fundamentalmente entre os primeiros, ao considerar que, no referido a condicións sociais, non son os mesmos os condicionantes e características das persoas seleccionadas polos seus méritos e capacidade (técnicos/as e xestores), que os das seleccionadas polas súa situación con respecto ao emprego (beneficiarios/as).*

En base a estas consideracións, e despois dun proceso de negociación e consulta entre as partes, o Goberno municipal e as centrais sindicais CC.OO, UGT e CIG acordan suscribir o seguinte Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, así como descripción dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado plan.

ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS
REALIZADAS NO MARCO DO P.M.E. 2004-2007

CAPÍTULO 1

Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego

Seleccionadas en base ás súas características de ocupabilidade, son aquelas persoas desempregadas que, mediante a súa participación nos programas de emprego municipais, melloran as súas condicións curriculares, nos aspectos de capacitación, experiencia, etc.

Artigo 1. Contratos e retribucións

As contratacións serán principalmente baixo a modalidade de contratos de formación, contratos de inserción ou, no seu caso, de obra ou servizo de duración determinada e retribuiranse de acordo coa natureza de cada programa:

1. Para os programas públicos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, o que os mesmos indican (e no que se basa a subvención), é dicir:
 - o 75% do salario mínimo interprofesional para os alumnos-traballadores das escolas obradoiro, preferentemente mediante un contrato de formación,
 - 1,5 veces o salario mínimo profesional, para os alumnos-traballadores dos obradoiros de emprego, preferentemente mediante un contrato de formación.
2. Para o programa público Plan Labora-Xuventude con experiencia, o establecido para os contratos de inserción (base mínima de cotización para cada grupo).
3. Para os programas públicos enmarcados nos Programas de Cooperación Xunta de Galicia-Entidades locais (no capítulo de contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), subvencionados segundo os contratos de inserción (base mínima de cotización de cada grupo de cotización de que se trate), as retribucións serán as da seguinte táboa salarial, tendo en conta que, anualmente, haberá dúas pagas extraordinarias, que poderán ser prorrateadas dependendo da duración do contrato. Esta situación, mediante a modalidade contractual máis apropiada, poderá ser de aplicación a outros programas de contratación para a realización de obras de interese xeral, e nomeadamente ao programa municipal BIAL (Brigadas de inserción e actuación local). En calquera caso, os/as beneficiarios/as non poderán estar contratados máis dun ano en programas de emprego municipais.

Grupo de cotización	Categoría profesional	Salario mes	Prorrateo paga extra	Importe bruto mes (12 pagas)
1	Licenciado	893,14	148,86	1.042,00
2	Diplomado	741,04	123,51	864,55
3	Xefes admtvos, capataz	644,22	107,37	751,59
5	Oficial administrativo.	630,00	105,00	735,00
7	Auxiliar administrativo	600,00	100,00	700,00

8	Oficial 1ª e 2ª	630,00	105,00	735,00
10	Peóns	600,00	100,00	700,00

Nos exercicios 2005, 2006 e 2007, as retribucións previstas nesta táboa actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano. A Comisión Paritaria de Seguimento poderá, en base ao IPC real, propoñer a actualización que no seu seo se acorde, tendo en conta a desviación detectada.

Este novo marco retributivo deberá permitir realizar un volume de contratacións significativamente superior ao realizado no anterior periodo (PME 2000-2003).

Artigo 2. Formación

A función de activación e mellora da ocupabilidade destas contratacións verase reforzada polo feito de, en todos os casos, desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea xa contemplado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase un 15% do tempo do contrato a formación.

Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.

Artigo 3. Roupa de traballo

Aos/ás traballadores/as vencellados/as polo presente acordo facilitaráselles a roupa de traballo axeitada á actividade a realizar.

Artigo 4. Festas e días non laborables

Neste aspecto, estarase ao que determine o calendario laboral oficial da Xunta de Galicia, xunto cos festivos locais e o 24 e 31 de decembro, que terán a consideración de non laborables.

Artigo 5. Horario

A xornada ordinaria e o horario de traballo adaptaranse ao correspondente programa ou proxecto do Plan municipal de emprego 04-07, sen que poida exceder de 37,5 horas semanais no cómputo do periodo de contratación do traballador.

Artigo 6. Vacacións

Todas e todos os traballadores afectados polo presente acordo terán dereito a gozar, por cada ano completo de servizo activo, dun período de vacacións retribuídas de 30 días naturais ou os días que en proporción lles correspondan.

Artigo 7. Faltas e sancións

1. Clases de faltas: As faltas cometidas polos traballadores ao servizo dun programa clasifícanse atendendo á súa importancia e, de ser o caso, á súa reincidencia, en leves, graves e moi graves, de conformidade co que a continuación se expón.
2. Faltas leves. Consideraranse faltas leves as seguintes:
 - a) Ata tres faltas de puntualidade nun mes, sen motivo xustifico.

- b) *A non comunicación, con corenta e oito horas como mínimo de antelación, de calquera falta de asistencia ao traballo por causas xustificadas, a non ser que se acredite a imposibilidade de facelo.*
- c) *O abandono do centro ou do posto de traballo sen causa ou motivo xustificado, aínda por tempo breve, sempre que o dito abandono non fose prexudicial para o desenvolvemento da actividade productiva do programa ou causa de danos ou accidentes aos seus compañeiros de traballo, no que poderá ser considerada como grave ou moi grave.*
- d) *A falta de atención e dilixencia debidas no desenvolvemento do traballo encomendado, sempre que non provoque prexuízo de consideración ao programa ou aos seus compañeiros de traballo; neste caso será considerada como grave ou moi grave.*
- e) *Pequenos descuidos na conservación do material.*
- f) *Non lle comunicar á empresa calquera cambio de situación que teña incidencia no laboral, coma o cambio de residencia habitual.*
- g) *A falta ocasional de aseo ou limpeza persoal, cando ocasione reclamacións ou queixas dos compañeiros ou xefes.*
- h) *As faltas de respecto, de pouca consideración, aos seus compañeiros, e incluso, a terceiras persoas alleas ao programa ou centro de actividade, sempre que se produza con motivo ou ocasión do traballo.*
- i) *Permanecer en zonas ou lugares distintos daqueles nos que se realice o traballo habitual, sen causa xustificada, ou sen estar autorizado.*
- l) *A inobservancia das normas en materia de prevención de riscos laborais, que non entrañen risco grave para o traballador nin aos seus compañeiros ou terceiras persoas.*
- ll) *Distraer aos compañeiros durante o tempo de traballo e prolongar as ausencias breves e xustificadas por tempo superior ao necesario.*

3. Faltas graves. Consideraranse faltas graves as seguintes:

- a) *Máis de tres faltas de puntualidade nun mes ou ata tres cando o retraso sexa superior a 15 minutos en cada unha delas, durante o dito período, sen motivo xustificado.*
- b) *Faltar dous días ao traballo durante un mes, sen motivo xustificado.*
- c) *Non prestar a dilixencia ou a atención debidas no traballo encomendado, que poida supor risco ou prexuízo de certa consideración para o propio traballador, aos seus compañeiros, ao programa/Concello ou terceiros.*
- d) *A simulación de supostos de incapacidade temporal ou accidente.*
- e) *O incumprimento das ordes ou ignorar as normas en materia de prevención de riscos laborais, cando estas supoñan un grave risco para o traballador, os compañeiros ou terceiros, así como negarse a empregar os medios de seguridade facilitados polo programa/Concello.*
- f) *A desobediencia aos superiores en calquera materia de traballo, sempre que a orde non implique vexación para o traballador ou entrañe risco para a súa vida ou saúde, tanto del coma a doutros traballadores.*
- g) *Calquera alteración ou falsificación dos datos persoais ou laborais relativos ao propio traballador ou aos seus compañeiros.*
- h) *A negligencia ou imprudencia graves no desenvolvemento da actividade encomendada.*
- i) *Realizar, sen contar coa oportuna autorización, traballos particulares na obra ou centro de traballo, así coma empregar para usos persoais ferramentas do Concello, tanto dentro coma fóra dos lugares de traballo, a non ser que se teña a devandita autorización.*
- l) *A diminución voluntaria e ocasional no rendemento do traballo sen causa que o xustifique.*

- ll) *Facilitar datos reservados ou información da obra ou centro de traballo, ou do programa, a persoas alleas, sen a debida autorización para facelo.*
- m) *Agochar aqueles feitos ou faltas que o traballador presenciase, e que poderan causar prexuízo grave de calquera tipo ao programa, aos compañeiros de traballo ou a terceiros.*
- n) *Non avisar de inmediato aos xefes, de calquera anomalía, avería ou accidente que se observe nas instalacións, maquinarias ou locais.*
- o) *Introducir ou facilitar o acceso ao centro de traballo a persoas non autorizadas.*
- p) *A negligencia grave na conservación ou na limpeza de materiais e máquinas que teña o traballador ao seu cargo.*
- q) *A reincidencia en calquera falta leve, no mesmo trimestre, cando exista sanción por escrito do programa.*
- r) *Producir graves escándalos ou alborotos no ámbito de traballo.*

4. Faltas moi graves. *Consideraranse faltas moi graves as seguintes:*

- a) *Máis de dez faltas de puntualidade sen motivo xustificado, cometidas no período de tres meses, ou de vinte, durante seis meses.*
- b) *Faltar ao traballo máis de dous días ao mes, sen motivo xustificado.*
- c) *A fraude, a deslealdade ou o abuso da confianza no traballo, xestión ou actividade encomendados; o furto e o roubo, tanto aos compañeiros coma ao Concello ou a calquera persoa que se atope no centro de traballo ou fóra do mesmo, durante o desenvolvemento da súa actividade laboral.*
- d) *Inutilizar, destrozarse ou causar desperfectos en calquera material, ferramentas, máquinas, instalacións, edificios, aparellos, aveños, documentos, libros ou vehículos do programa/Concello ou do centro de traballo.*
- e) *A embriaguez habitual ou toxicomanía se repercuten negativamente no traballo.*
- f) *Os malos tratos de palabra ou obra ou faltas graves de respecto e consideración aos superiores, compañeiros ou subordinados.*
- g) *A imprudencia ou negligencia inexcusables, así coma o incumprimento das normas de prevención de riscos laborais, cando sexan causantes dun accidente laboral grave, prexuízos graves aos compañeiros ou a terceiros, ou danos graves ao programa/Concello.*
- h) *O abuso da autoridade por parte de quen a ostente.*
- i) *A diminución voluntaria e reiterada ou continuada, no rendemento normal do traballo, sen causa que o xustifique.*
- l) *A desobediencia continuada ou persistente.*
- ll) *Os actos feitos no centro de traballo ou fora del, con motivo ou ocasión do traballo encomendado, que poidan ser constitutivos de delicto.*
- m) *A emisión maliciosa e continuada de informacións falsas referentes ao programa ou ao centro de traballo.*
- n) *O abandono do posto de traballo sen xustificar, especialmente nos postos de mando ou responsabilidade, ou cando isto provoque un prexuízo evidente ou poida chegar a ser a causa dun accidente para o traballador, os compañeiros ou terceiros.*
- o) *A imprudencia temeraria no desempeño do traballo encomendado, ou cando a forma de realizalo, implique risco de accidente ou perigo grave de avaría para as instalacións ou maquinaria do Concello.*
- p) *A reincidencia en falta grave, aínda que sexa de distinta natureza, dentro do semestre, da que conste sanción por escrito.*

5. Sancións. Aplicación

Antes de tomar en firme unha decisión de sancionar a algún/ha traballador/a deberán terse en conta os condicionantes sociais e personais dos/as beneficiarios/as. As sancións que se poden levar a cabo, segundo a gravidade e as circunstancias das faltas cometidas, serán as seguintes:

Faltas leves:

- a.- Amoestación verbal.
- b.- Amoestación por escrito.

Faltas graves:

- a.- Suspensión de emprego e soldo de un a quince días.

Faltas moi graves:

- a.- Suspensión de emprego e soldo de dezaséis a noventa días.
- b.- Despido.

As propostas de sanción deberán ser notificadas aos interesados, dándolle un prazo de 10 días naturais para presentar, no seu caso, as oportunas alegacións.

6. Outros efectos das sancións.

Anotaranse nos expedientes laborais dos traballadores as sancións que por falta grave ou moi grave se lles impoñan, considerando tamén a reincidencia nas faltas leves.

Artigo 8. Disposición supletoria

No resto das cuestións non contempladas expresamente neste acordo, estarase ao disposto no Estatuto dos traballadores.

CAPÍTULO 2

Técnicos e xestores

Profesionais seleccionados pola súa capacitación e experiencia, son os responsables da xestión directa e concreta dos diferentes programas de formación e emprego.

Artigo 9. Contratos e retribucións

As contratacións serán principalmente baixo a modalidade de obra ou servizo de duración determinada e retribuiranse de acordo co seguinte táboa salarial, con vixencia no ano 2004. A Comisión Paritaria de Seguimento poderá establecer complementos retributivos no sentido de compensar características específicas, en canto a responsabilidade e disponibilidad, dos distintos postos de traballo que o desenvolvemento do Plan precise.

Categoría	Salario mes	Prorratoe paga extra	Importe bruto mes (12 pagas)
Técnico superior	1.697,48	282,92	1.980,40
Técnico medio	1.417,24	236,21	1.653,45
Encargado	1.190,70	198,45	1.389,15
Xefe de Equipo	1.039,72	173,29	1.213,01
Auxiliar administrativo / Oficial	964,23	160,70	1.124,93
Peón	838,98	139,83	978,81

Nos exercicios 2005, 2006 e 2007, as retribucións previstas nesta táboa actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano. A Comisión Paritaria de Seguimento poderá, en base ao IPC real, propoñer a actualización que no seu seo se acorde, tendo en conta a desviación detectada.

Ao igual que para o resto dos traballadores municipais, a Corporación complementará, para os técnicos e xestores, en caso de baixa médica, as prestacións do Réxime Xeral da Seguridade Social ata o 100% das súas retribucións fixas e periódicas.

Artigo 10. Roupa de traballo

Ós/as traballadores/as vencellados/as polo presente acordo facilitaráselles a roupa de traballo axeitada á actividade a realizar.

Artigo 11. Festas e días non laborables

Neste aspecto, estarase ao que determine o calendario laboral oficial da Xunta de Galicia, xunto cos festivos locais e o 24 e 31 de decembro, que terán a consideración de non laborables.

Artigo 12. Horario

A xornada ordinaria e o horario de traballo adaptaranse ao correspondente programa ou proxecto do Plan municipal de emprego 04-07, sen que poida exceder de 37,5 horas semanais no cómputo do período de contratación do traballador.

Artigo 13. Vacacións

Todas e todos os traballadores afectados polo presente acordo terán dereito a gozar, por cada ano completo de servizo activo, dun período de vacacións retribuídas de 30 días naturais ou os días que en proporción lles correspondan.

Artigo 14. Permisos retribuídos

1. Concederanse permisos, tras a correspondente solicitude, polas seguintes causas, que deberán ser xustificadas documentalmente:
 - a) Por asistencia a exames finais ou parciais liberatorios, así como probas selectivas que se realicen dentro do termo municipal: 1 día. Se se celebran fóra do termo municipal, poderán ampliarse polo tempo necesario e imprescindible.
 - b) Para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público, polo tempo preciso.
 - c) Para desenvolvemento de tarefas sindicais ou representativas: polo tempo que se estableza na normativa de aplicación.
 - d) Por matrimonio: 18 días, que comezarán a contarse o primeiro día hábil seguinte á data de celebración.
 - e) Por matrimonio dun familiar ata o primeiro grao de consanguinidade: o día da celebración.
 - f) Por separación ou divorcio: 2 días laborais, que comezarán a contarse a partir do primeiro día hábil seguinte a que se produza.
 - g) Por nacemento ou adopción dun/ha fillo/a: 3 días laborais, que comezarán a contarse a partir de que naza o dereito.
 - h) Por falecemento dun/ha familiar:
 - Cónxuxe ou persoas que convivan no domicilio familiar: 5 días.
 - Fillos/as, pais/nais, irmáns, xenros e noras:
 - Na mesma localidade: 3 días hábiles

- *Noutra localidade: 5 días hábiles*
 - *Avós paternos, netos e sogros:*
 - *Na mesma localidade ou noutra sita nun raio inferior a 100 km: 2 días*
 - *Se o raio é superior a 100 km: 3 días*
 - *Avós políticos:*
 - *Na mesma localidade ou noutra sita nun raio inferior a 100 km: 1 días*
 - *Se o raio é superior a 100 km: 2 días*
 - *Tíos, sobriños e curmáns:*
 - *Na mesma localidade ou noutra sita nun raio inferior a 100 km: polo tempo necesario para o enterramento e funeral*
 - *Se o raio é superior a 100 km: 1 día*
 - *Cuñados:*
 - *Na mesma localidade ou noutra sita nun raio inferior a 100 km: 1 día*
 - *Se o raio é superior a 100 km: 2 días*
- i) *Por enfermidade grave dun/ha familiar (para estes efectos a gravidade virá determinada polo feito de que se precise internamento hospitalario; no caso de enfermidades ou accidentes que non teñan a consideración de graves, o permiso concederáse exclusivamente cando se trate de persoa que convivan no domicilio do solicitante e este xustifique que non existe no domicilio ningunha outra persoa que poida atender ao enfermo, e a súa duración será sempre de 2 días):*
- *Cónxuxe ou persoas que convivan no domicilio familiar: 5 días.*
 - *Fillos/as, pais/nais, irmáns, xenros e noras:*
 - *Na mesma localidade: 3 días hábiles*
 - *Noutra localidade: 5 días hábiles*
 - *Avós paternos, netos e sogros:*
 - *Se se produce nun raio inferior a 100 km: 2 días*
 - *Se o raio é superior: 4 días*
 - *Avós políticos: 1 día*
 - *Cuñados: 2 días*
- l) *Por acompañamento a consulta médica a menores de 12 anos ou familiares ata primeiro grao de consanguinidade e que contén cunha discapacidade superior ao 33%, sempre que en ámbolos dous casos convivan no mesmo domicilio: polo tempo necesario para a consulta.*
- m) *Por traslado de domicilio dentro do termo municipal ou desde outro municipio: 3 días hábiles.*
- n) *Por maternidade: 18 semanas ininterrompidas. O período do permiso distribuirase a opción da interesada, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto.*
- o) *Por adopción dun menor de nove meses: 18 semanas ininterrompidas, contadas á súa elección, ben a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción. Se o fillo é maior de nove meses e menor de 5 anos, o permiso terá unha duración máxima de 12 semanas.*
- p) *Para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, que inexcusablemente deban realizarse dentro da xornada de traballo: polo tempo indispensable.*

- q) Para asistencia a cursos de perfeccionamento profesional, impartidos por organismos competentes para a formación de persoal, cando se realicen fóra do Concello e o seu contido estea directamente relacionado co posto de traballo: ata 40 horas ao ano.
2. Ademais existirán os seguintes permisos sen necesidade de xustificación:
- a) Permisos por asuntos persoais: ata 9 días como máximo ao ano, ou a súa parte proporcional ao tempo que a persoa estea contratada. Non poderán acumularse ás vacacións e deberá transcorrer un día hábil entre un e outro periodo de descanso. Os festivos intercalados entre estes días rompen a continuidade, polo que non computarán para os efectos do seu beneficio

Artigo 15. Disposición supletoria

No resto das cuestións non contempladas expresamente neste acordo, estarase ao disposto no Estatuto dos traballadores.

Artigo 16. Disposición adicional

Ao persoal con contrato laboral realizado ao abeiro de algún programa de emprego municipal no periodo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2004 e a data de sinatura deste acordo, actualizaraselle automaticamente (e con efecto retroactivo desde esa data) o seu salario ao establecido no presente acordo.

CAPÍTULO 3

Xestión e seguimento do acordo

Artigo 17. Comisión Paritaria de Seguimento

Confórmase unha Comisión Paritaria entre o Concello de Vigo e as centrais sindicais CC.OO, UGT e CIG para un seguimento pormenorizado das actuacións do PME 04-07, fundamentalmente no referido ás condicións sociolaborais dos contratos realizados no marco do Plan, podéndose interesar por calquera cuestión establecida no presente acordo regulador. Esta comisión estará composta paritariamente por tres vocais de cada unha das partes, social e Administración, respectivamente:

En representación da Administración:

- Dous representantes do Goberno Municipal (concelleiro/a de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e concelleiro/a de Persoal, ou persoas en quen deleguen).
- O Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

En representación da parte social:

- Un/ha representante de Comisións Obreiras.
- Un/ha representante da Unión Xeral de Traballadores.
- Un/ha representante da Confederación Intersindical Galega.

Os/as membros da Comisión Paritaria poderán contar coa asistencia de asesores/as, con voz pero sen voto, nas reunións que teñan lugar. A Comisión Paritaria reunirse cando así o solicite unha das

partes, trala convocatoria cunha antelación mínima de 72 horas. Os acordos adoptados quedarán reflectidos na correspondente acta.

Artigo 18. Novas contratacións

Cada proposta de nova contratación ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007 deberá establecer razonadamente o carácter funcional do contrato (beneficiario/a ou técnico-xestor) e a súa tipoloxía, así como as posibles modificacións que a proposta retributiva recollida neste acordo poidera incluír, en base ás características do posto de traballo e/ou do programa no que se inscriba a contratación. De cada proposta darase conta á Comisión Paritaria de Seguimento.

Sempre que o programa/proxecto o permita, a parte social deste acordo participará, mediante a designación dunha persoa de igual ou superior titulación que a requirida para os candidatos, en todos os procedementos de selección para o establecemento de contratos de traballo que se realicen ao abeiro deste Plan.

49(706).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTES ÓS MESES DECEMBRO DE 2003 E ABRIL 2004 (INCLUE HORAS DE OUTUBRO E NOVEMBRO 2003). EXPTE. 15067/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 28.05.04, conformado polo xefe de Contabilidade e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 26.05.04, conformado polo xefe da Área de Réxime interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de DECEMBRO-2003 E ABRIL-2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan e que comenzan por don Manuel Alonso Abalde e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 294'00 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega e que comenza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Manuel Valado Gómez, por un total e 422'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan e que comenza por don Manuel Aballe González e rematan por don Adamo Zolla Vallero-Tonda, por un total de 2.656'00 horas.
- Conserxería, relacións que se achegan e que comenzan por dona M^a Teresa Vaqueiro Herbello e rematan por don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 91'00 horas.

- Xerencia do Parque Central, relación que se achega de don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 5'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega e que comenza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 57'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega e que comenza por don Eugenio Matilde Viñas e remata por don Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 95'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega e que comenza por don Cesareo Rocha Paramés e remata por don Basilio Costas Fernández, por un total de 80'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega e que comenzan por don Avelinon Pardellas Avión e rematan por don José Ramón Seijas Alvarez, por un total de 64'00 horas.
- Circulación Viaria, relación que se achega de don José Ramón Alonso González, por un total de 48'00 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 26.371'18 €.

50(707).- PROPOSTA DE SUPRESIÓN DA LOSA SUPERIOR XUNTO Á GLORIETA DO AREAL E DE SINATURA DE CONVENIO CO CONSORCIO DA ZONA FRANCA PARA FINANCIAR E CONTRATAR O “PROXECTO DE ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE DO TÚNEL DE ACCESO Ó PORTO DE VIGO DENDE A A-9 E MELLORAS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”. EXPTE. 1270/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe do enxeñeiro de camiños municipal D. Sergio González Prada, de 19.05.04, que di o seguinte:

O 14/05/2004, o Enxeñeiro Director das Obras do “Proxecto de prolongación do paso inferior no Borde Marítimo e Estructura de Conexión coa A-9 e Sanxurxo Badía”, presenta no Rexistro Xeral del Concello un escrito de data 10/05/2004, referente á supresión da losa superior xunto á glorieta de Areal. No mesmo enumera as vicisitudes que se produciron có Porto de Vigo, respecto á supresión da losa. Reitera a conveniencia de suprimir esta segunda losa, polos beneficios que conlevaría para o túnel (fomento da ventilación natural, potenciación da visibilidade con luz cenital e mellora das condicións de evacuación en caso de accidente), SOLICITANDO o Concello que...

...”Debido a que el resultado de las conversaciones (entre el Ayuuntamiento y la Autoridad Portuaria de Vigo) ha sido infructuoso, y en segundo lugar a la falta de respuesta al informe emitido en su día, le ruego me comunique con la máxima celeridad posible una decisión tras llegar a un consenso, indicando la supresión de la mencionada losa, o por el contrario su ejecución tal como se contempla en el proyecto

(inicial), y de esta forma poder recibir (por el Ayuntamiento) la obra sin impedimento alguno en los plazos previstos.

Asimismo, teniendo en cuenta la proximidad de la fecha de finalización de las obras, le ruego acelere lo máximo posible los trámites necesarios para la firma del Convenio (con el Consorcio de la Zona Franca), y posterior contratación de la rehabilitación del túnel de Isaac Peral, así como la limpieza y mejoras del túnel de Bieramar abierto al tráfico”.... .

Achega un Planning con data de remate das obras o 26/08/2004, sempre que se poidera escomenzar a adecuación do túnel de Isaac Peral o 18/05/2004.

Á vista do anterior SE INFORMA:

Con independencia de que as modificacións de trazado habidas por outras causas, poñen a disposición do Porto novas superficies de aparcamento, que poden considerarse compensatorias, a supresión da losa afecta a unha franxa de terreo sobre o tronco principal do túnel de 80 metros de largo por 15 metros de ancho (1200 m²), que usada como aparcadoiro de vehículos lixeiros poderían utilizala unhas 60 coches.

Sobre esta losa estaba previsto no proxecto inicial o acceso rodado ó porto, logo modificado polo Porto, por consideralo inconveniente.

Dende o punto de vista técnico, non ofrece a menor duda, que a supresión da losa suporía perfeccionar o proxecto que serviu de base á concesión, permitindo:

- Unha mellora sustancial na súa seguridade.
- Aforro de enerxía en extracción de fumes e iluminación.
- Maior confort dos conductores.
- Mellora estética do conxunto do enlace.

É evidente que as condicións da concesión dos terreos portuarios para a construción do túnel, non poden alterarse sin o consentemento do organismo titular dos terreos.

Por elo, na pasada Lexislatura, fai mais dun ano, á petición de supresión da losa do Enxeñeiro Director das Obras, o Concello cursou solicitude de axuste da superficie dos terreos da concesión ó Consello de Administración do Porto de Vigo, sendo denegada por éste no seu momento. Finalizada esta fase administrativa, se abre entón un prazo que prudentemente fíxase ata finais de abril do 2004, para permitir a negociación política entre as partes, é propiciar algún tipo de acordo.

Fracasado o intento, a Dirección de Obra, ante o requerimento do Sr. Director do Porto de Vigo do pasado 6 de maio, e do avanzado estado de execución das obras, prantexa no escrito adxunto ó Concello, que adopte unha decisión ó respecto o antes posible.

En canto o derradeiro apartado do escrito, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de abril de 2004, adoptou o seguinte acordo: “A Xunta de Goberno acorda solicitar ó Consorcio da Zona Franca de Vigo a elaboración dun convenio de colaboración para a urxente contratación do Proxecto de adaptación á normativa vixente do túnel de acceso ó porto de Vigo, ofrecendo as oportunas compensacións económicas, no marco das conversas mantidas entre os responsables de ambas entidades”, dando traslado do mesmo ó Consorcio.”

En consecuencia, se eleva á Xunta de Goberno Local para que no seu superior criterio, RESOLVA sobre os seguintes extremos:

- 1- Suprimir a losa, ou construíla segundo o proxecto que serviu de base á concesión.

- 2- *Urxir a sinatura do Convenio có Consorcio da Zona Franca que permita a financiación e contratación do “Proxecto de adaptación á normativa vixente do túnel de acceso ó Porto de Vigo e melloras do túnel de Beiramar”.*
- 3- *Dar traslado do acordo ó Enxeñeiro Director das Obras e ó Consorcio da Zona Franca de Vigo.*

Acordo

A Xunta de Goberno, visto o precedente informe, acorda:

1º.- Realizar a obra de “Prolongación paso inferior no borde marítimo e estrutura de conexión coa A-9 e Sanxurxo Badía segundo o proxecto que serviu de base á concesión.

2º.- Urxir a sinatura do Convenio co Consorcio da Zona Franca que permita a financiación e contratación do “Proxecto de adaptación á normativa vixente do túnel de acceso ó Porto de Vigo e melloras do túnel de Beiramar.

3º.- Dar traslado do acordo ó Enxeñeiro Director das Obras e ó Consorcio da Zona Franca de Vigo.

51(708).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO PROGRAMA DE FAMILIA E INFANCIA. EXPTE. 10666/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

Con data 22.03.04 a Xunta de Goberno aprobou o expediente de contratación, por concurso, do contrato de atención á infancia e á familia no Concello de Vigo.

Con data 10.05.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 71 e no BOP nº 72 de datas 14 e 16 de abril do presente ano respectivamente recibíronse as seguintes ofertas: Gabinete de Traballo Social Grupo 5 S.L., Humanus Servicios Sociais, Fundación para el estudio y la promoción de la Acción Social (FEPAS).

A Mesa de Contratación en sesión realizada o día 10.05.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as proposta e pasándoas a informe do Servizo de Benestar Social.

Con data 21.05.04 o técnico do departamento de Benestar Social emite informe de valoración.

A Mesa de Contratación na sesión do 28.05.04 á vista do devandito informe de valoración emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a “Gabinete de Trabajo Social Grupo 5,.” o concurso para a contratación da da xestión do programa de Familia e Infancia polos prezos seguintes: 371.000 euros/ano para o primeiro ano do contrato; para o segundo ano do contrato o de 415.000 euros/ano; para o primeiro ano de prorroga do contrato, no caso de que esta se produza, o de 460.000 euros/ano, e para o segundo ano de prorroga do contrato, no caso de que esta se produza, o de 480.000 euros/ano. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 22-03-2004 e a oferta presentada.

A imputación do gasto a cada unha das anualidades do contrato farase de acordo co establecido na cláusula 2 de prego de cláusulas administrativas.

52(709).- CONSTITUCIÓN DO ÓRGANO XESTOR DE PRAIAS. EXPTE. 2575/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuación do expediente e visto o informe-proposta do técnico supervisor de Medio Ambiente, do 28.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Constituír o órgano xestor de praias do Concello de Vigo que actuará baixo as directrices do Sr. Concelleiro delegado da área de Medio Ambiente.

2º.- Designar como presidente o Concelleiro delegado de Medio Ambiente don José Manuel Figueroa Vila.

3º.- Designar como secretario o técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Jesús Núñez-Torrón López.

4º.- Designar como membros permanentes:

- D. Alvaro Crespo Casal, Coordinar da área de servicios
- D^a Carmen Pintado García, Xefa de Seguridade e Transportes
- D. Eugenio Falque Quirós, Xefe do Servicio de Limpeza
- D. Rafael Lage Veiga, Xefe de Montes, Parqués e Xardíns
- D. Santiago Alonso Ferragud, Xefe do Parque Móbil
- D^a Yolanda Aguiar Castro, Coordinadora de Turismo e Comercio
- D. Julio Carrasco Rodríguez, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas

5º.- Asígnaselle o devandito órgano xestor as funcións de coordinación dos servicios, xestión de recursos, seguimento, informe e proposta coas facultades de petición de cantos datos e información resulten precisas para a realización das súas funcións.

53(710).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.